

cenamento, a conservación, a transferencia ou a exportación a calquera, directa ou indirectamente, de vectores especificamente concibidos como medio de lanzamento ou dispersión de minas antipersoal, e de armas de efecto similar especificadas no Protocolo emendado II da Convención de 1980, así como da súa tecnoloxía.

Artigo 5. *Instrucción en técnicas de desminado.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 2 desta lei, permíteselle ó Ministerio de Defensa a retención ou a transferencia dunha cantidade de minas antipersoal para o desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución de minas e o adestramento nas ditas técnicas. A cantidade de tales minas non deberá exceder a cantidade mínima absolutamente necesaria para realiza-los propósitos mencionados máis arriba.

A destrución das minas antipersoal, á que fai referencia o artigo 3 desta lei, non afectará ás que se manteñan para os efectos sinalados no parágrafo anterior.

De acordo coas previsións establecidas polo artigo 3, número 3, desta lei, o Goberno informará as Cortes Xerais respecto das cantidades mínimas imprescindibles destinadas ó desenvolvemento de técnicas de detección, limpeza ou destrución de minas, con especial detalle das transferencias que puidesen ter sido realizadas con estes propósitos.

O Goberno modificará os documentos que conteñen a doutrina de defensa española de acordo coas disposicións e prohibicións desta lei.

Artigo 6. *Cooperación internacional e apoio ós programas para o desminado.*

1. O Goberno adoptará cantas disposicións foren necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración en programas e en proxectos de axuda humanitaria, no marco das campañas internacionais con este fin, tanto de carácter bilateral ou multilateral, que requiran a contribución e o apoio por parte de España para a detección, a desactivación e o desmantelamento das minas existentes noutros Estados.

2. O Goberno manterá a necesaria provisión dunha partida orzamentaria anual específica en apoio do Fondo Fiduciario de Nacións Unidas para programas de desminado, así como unha contribución tecnolóxica e de formación de equipos adecuados para contribuír á súa total erradicación.

3. O Goberno adoptará cantas disposicións foren necesarias para seguir comprometendo o apoio financeiro e a colaboración de España en programas de cooperación e asistencia ás vítimas de minas antipersoal, incluíndo programas de concienciación, de prevención de accidentes, de educación e de rehabilitación das poboacións afectadas.

4. Nos compromisos ou acordos de cooperación para operacións de desminado que, por acordo bilateral ou por solicitude dos organismos internacionais dos que forme parte o Reino de España, sexan contraídos polo Goberno español, o Ministerio de Defensa destacará en misións específicas ó persoal militar profesional especialista nas técnicas de desminado, para realiza-las correspondentes actuacións de detección, limpeza e eliminación das minas antipersoal.

Disposición adicional primeira. *Financiamento.*

Os gastos ocasionados pola destrución das minas antipersoal almacenadas serán financiados cos créditos correspondentes do Ministerio de Defensa.

Disposición adicional segunda. *Sancións.*

O incumprimento das obrigas establecidas nesta lei será sancionable de acordo coa lexislación sectorial correspondente.

O Goberno adoptará tódalas medidas legais, administrativas e doutra índole que procedan para previr e reprimir calquera actividade prohibida por esta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase o Consello de Ministros para dicta-las disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores, de Defensa e de Economía e Facenda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23284 LEI 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. («BOE» 241, do 8-10-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei ten por obxecto renovar, integrar e homoxeneiza-la distinta normativa legal vixente en materia de hidrocarburos. Preténdese, por tanto, conseguir unha regulación máis aberta, na que os poderes públicos salvagarden os intereses xerais a través da propia normativa, limitando a súa intervención directa nos mercados cando existan situacións de emerxencia. Esta regulación debe permitir, ademais, que a libre iniciativa empresarial amplie o seu campo de actuación e maila introducción no noso ordenamento xurídico de realidades técnicas e mercantís socialmente asumidas, pero carentes, neste momento, do encaixe legal adecuado. Así mesmo, paralelamente a esta apertura da lexislación débese afondar nos mecanismos da información detallada polos axentes do mercado ás administracións competentes, para permiti-la constatación da consecución dos obxectivos propostos coa liberalización dos mercados.

Esta lei persegue proporcionar un tratamento integrado a unha industria verticalmente articulada. Desde a produción de hidrocarburos nun xacigo subterráneo

ata o seu consumo no motor dun vehículo, na calefacción dunha vivenda ou nun proceso industrial, prodúcese ou pódense producir unha serie de transaccións económicas e de procesos físicos de transformación, tratamento ou simplemente de transporte que merecen unha consideración global, posto que forman parte dunha actividade económica que, aínda que segmentable, responde a unha concepción integrada. Esta integración debe facilitar un tratamento equilibrado das diferentes actividades reguladas nesta lei e permitir manter unha substancial homoxeneidade na forma de abordar problemas similares.

O anterior engádese a preocupación da lei por introducir criterios de protección ambiental que estarán presentes nas actividades obxecto dela, desde o momento da súa planificación. Así pois, preténdese reflecti-la necesidade de preservar e restaura-lo ambiente como condición indispensable para mellora-la calidade de vida.

O primeiro bloque material que aborda a lei é o relativo á exploración, investigación e explotación de hidrocarburos que viñeron sendo reguladas pola Lei 21/1974, do 27 de xuño. As principais novidades que a presente lei contén son a súa adecuación ó ordenamento constitucional, a supresión da reserva en favor do Estado, a regulación dos almacenamentos subterráneos, a creación da figura do operador e, por último, o especial fincapé nas obrigas de desmantelamento das instalacións que os concesionarios deben asumir. Mentres que a adecuación constitucional é unha necesidade que se explica de seu, a supresión da reserva en favor do Estado responde á necesidade de configurar tal Estado como regulador e non como executor dunhas determinadas actividades industriais. Iso non é óbice para que, se o Estado o considera oportuno, poida promover a investigación dunha área concreta a través da convocatoria dos correspondentes concursos. Tanto os almacenamentos subterráneos como a figura do operador son novidades que se incorporan ó noso ordenamento a partir da observación da realidade. Os almacenamentos subterráneos, carentes de regulación, constitúen un núcleo fundamental tanto da seguridade do sistema de gas natural como doutros tipos de hidrocarburos. En canto ó operador, é a entidade que actúa como responsable ante a Administración do conxunto de actividades desenvolvidas no ámbito de investigación e explotación de hidrocarburos cando existe titularidade compartida.

A refinación de petróleo e o transporte, almacenamento, distribución e comercialización de produtos petrolíferos regúlanse desde unha perspectiva de maior liberalización, suprimindo preexistentes autorizacións para o exercicio da actividade pola simple autorización de instalacións afectas a unha actividade que pola natureza dos produtos manexados require unha especial atención. Tan só, como excepción, se mantén a autorización de actividade para os operadores por xunto que, no conxunto do mercado de hidrocarburos líquidos, son responsables do mantemento das existencias mínimas de seguridade, garantía básica do sistema.

A subministración de gases licuados do petróleo envasado tamén recibe o impulso liberalizador que esta lei trata de estender a todo o sector de hidrocarburos. Suprímense requisitos para o exercicio da actividade, entre os cales a supresión da obrigatoriedade de distribución a domicilio quizais constituía o exemplo máis relevante.

A regulación do sector do gas trata de avanzar na liberalización do sector e de recolle-los avances habidos no noso país nesta industria desde a promulgación en 1987 da Lei de disposicións básicas para un desenvolvemento coordinado de actuacións en materia de combustibles gasosos, facéndoo compatible cun desenvolvemento homoxéneo e coherente do sistema gasista en todo o territorio nacional.

Sobre a base da homoxeneidade xa aludida como criterio que preside esta norma, preténdese tamén que a homoxeneidade se manteña no enfoque básico dado ó sistema de gas natural, en relación co sistema eléctrico. Trátase en ámbolos casos de subministracións que requiren conexións físicas entre produtores e consumidores. O non ter sentido económico a duplicidade destas interconexións, o propietario da rede configúrase como un monopolista da subministración. A separación entre a propiedade da infraestrutura de transporte e o servizo que a dita infraestrutura presta e a progresividade neste proceso de separación son as dúas ferramentas que, o mesmo cá Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a presente lei utiliza para transforma-lo panorama da industria do gas natural.

Emporiso, a presente lei recolle outras posibilidades técnicas de subministracións a partir de combustibles gasosos distintos do gas natural, dentro dos que, pola súa incidencia, cabe destaca-las subministracións de gases licuados do petróleo por canalización.

Ademais, aínda que esta lei é explícita na intención de liberalizar total ou parcialmente os prezos das transaccións mercantís dos gases combustibles por canalización e especialmente as referidas ó gas natural cando haxa sinais suficientes no mercado que o fagan posible, prevese que exista un réxime económico específico para estas mercadorías, de forma que queden protexidos, desde o primeiro momento, os intereses tanto de consumidores como de futuros produtores respecto de calquera situación de poder de mercado.

Resulta, así mesmo, necesario abordar tres aspectos xenéricos da Lei que supoñen unha certa novidade no noso ordenamento:

Suprímese no sector do gas a consideración de servizo público. Considérase que o conxunto das actividades reguladas nesta lei non requiren a presenza e responsabilidade do Estado para o seu desenvolvemento. Nembargantes, mantívose para todas elas a consideración de actividades de interese xeral que xa recollía a Lei 34/1992, do 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero.

A diferenza do sector eléctrico, no que as subministracións son consideradas de carácter esencial, as subministracións do sector de hidrocarburos teñen unha especial importancia para o desenvolvemento da vida económica que supón que o Estado debe velar pola súa seguridade e continuidade e xustifica as obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade que afectan os produtos petrolíferos e o gas.

Cómpre tamén facer referencia á Comisión Nacional de Enerxía que se crea na presente lei. A vinculación e interdependencia dos sectores enerxéticos, a similar problemática dalgúns deles, especialmente, como se sinalou, do gas natural e da electricidade, e a progresiva interrelación empresarial neste ámbito económico recomendan atribuír a un único órgano a regulación e vixilancia do mercado enerxético, para garanti-la súa transparencia e coordinar adecuadamente os criterios de resolución dos asuntos que coñeza.

Por último, procede aclara-los criterios de distribución de competencias seguidos con esta norma, que se declara de carácter básico naqueles preceptos que así o requiren. O artigo 149.1.25.^a atribúelle ó Estado a competencia para dicta-las bases do réxime mineiro e enerxético, previsión que se recolle no ámbito executivo co previsto no número 22 do mesmo artigo, que lle asigna ó Estado a competencia sobre infraestructuras de transporte de enerxía cando saian do ámbito territorial dunha comunidade autónoma. O anterior, engádese a xurisprudencia do Tribunal Constitucional no ámbito material que nos ocupa, en especial a sentenza 24/1985, do 21 de febreiro, e a máis recente sentenza 197/1996, do

28 de novembro. En ámbalas sentencias pártese dunha delimitación competencial baseada na consideración do mercado de hidrocarburos como único, que inevitablemente se ten que proxectar como unha unidade. Isto obriga a separarse do criterio de territorialidade e a determinar para cada instalación o seu impacto sobre un mercado global. Esta lei respecta as competencias das comunidades autónomas en todo o referente á distribución de hidrocarburos e fainas partícipes nos aspectos máis xerais de planificación e ordenación do sector.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito da lei.*

1. A presente lei ten por obxecto regula-lo réxime xurídico das actividades relativas ós hidrocarburos líquidos e gasosos.

2. Considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei as seguintes actividades:

a) A exploración, investigación e explotación de xacigos e de almacenamentos subterráneos de hidrocarburos.

b) O comercio exterior, a refinación, o transporte, o almacenamento e a distribución de cru de petróleo e de produtos petrolíferos, incluídos os gases licuados do petróleo.

c) A adquisición, a produción, a licuefacción, a regasificación, o transporte, o almacenamento, a distribución e a comercialización de combustibles gasosos por canalización.

3. As actividades destinadas á subministración de hidrocarburos líquidos e gasosos exerceranse baixo os principios de obxectividade, transparencia e libre competencia.

Artigo 2. *Réxime de actividades.*

1. Para os efectos do artigo 132.2 da Constitución terán a consideración de bens de dominio público estatal os xacigos de hidrocarburos e almacenamentos subterráneos existentes no territorio do Estado e no subsolo do mar territorial e dos fondos mariños que estean baixo a soberanía do Reino de España consonte a lexislación vixente e os convenios e tratados internacionais dos que sexa parte.

2. Recoñécese a libre iniciativa empresarial para o exercicio das actividades a que se refiren os títulos III e IV da presente lei.

Estas actividades exerceranse garantíndolle-la subministración de produtos petrolíferos e de gas por canalización ós consumidores demandantes dentro do territorio nacional e terán a consideración de actividades de interese económico xeral. Respecto das devanditas actividades, as administracións públicas exercerán as facultades previstas na presente lei.

Artigo 3. *Competencias administrativas.*

1. Correspóndelle ó Goberno, nos termos establecidos na presente lei:

a) Exerce-las facultades de planificación en materia de hidrocarburos.

b) Establece-la regulación básica correspondente ás actividades a que se refire a presente lei.

c) Determina-las peaxes polo uso de instalacións afectas ó dereito de acceso por parte de terceiros naque-

les casos nos que a presente lei así o estableza e fixa-los tipos e prezos de subministración.

d) Establece-los requisitos mínimos de calidade e de seguridade que terán que rexe-la subministración de hidrocarburos.

2. Correspóndelle á Administración xeral do Estado, nos termos establecidos na presente lei:

a) Outorga-las autorizacións de exploración e mailos permisos de investigación a que se refire o título II, cando afecte o ámbito territorial de máis dunha comunidade autónoma. Así mesmo, outorga-las concesións de explotación a que se refire o citado título da presente lei.

b) Outorgar autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación nas zonas de subsolo mariño a que se refire o título II da presente lei. Así mesmo, outorga-las autorizacións de exploración e mailos permisos de investigación cando o seu ámbito comprenda asemade zonas terrestres e do subsolo mariño.

c) Autoriza-las instalacións que integran a rede básica de gas natural, así como aqueloutras instalacións a que se refire a presente lei cando o seu aproveitamento afecte máis dunha comunidade autónoma ou no caso das instalacións de transporte ou de distribución cando saian do ámbito territorial dunha delas.

d) Autoriza-los comercializadores de gas natural cando o seu ámbito de actuación vaia supera-lo territorio dunha comunidade autónoma.

e) Autoriza-la actividade dos operadores por xunto de produtos petrolíferos e de gases licuados do petróleo.

f) Impartir, no ámbito da súa competencia, instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das infraestructuras de transporte e distribución de hidrocarburos en garantía dunha adecuada calidade e seguridade na subministración de enerxía.

g) Inspeccionar, no ámbito da súa competencia, o cumprimento das condicións técnicas e, se é o caso, económicas, que resulten esixibles.

h) Inspecciona-lo cumprimento do mantemento de existencias mínimas de seguridade dos operadores por xunto que resulten obrigados.

i) Sancionar, de acordo coa lei, a comisión das infraccións establecidas na presente lei no ámbito da súa competencia.

3. Correspóndelles ás comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias:

a) O desenvolvemento lexislativo e a execución da normativa básica en materia de hidrocarburos.

b) A planificación en coordinación coa realizada polo Goberno.

c) Outorga-las autorizacións de exploración e mailos permisos de investigación a que se refire o título II da presente lei, cando afecte o seu ámbito territorial.

d) Autorizar aquelas instalacións cun aproveitamento que non afecte outras comunidades ou nas que o transporte ou a distribución non saia do seu ámbito territorial.

e) Autoriza-los comercializadores de gas natural cando o seu ámbito de actuación se vaia circunscribir a unha comunidade autónoma.

f) Imparti-las instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das instalacións de transporte ou distribución de hidrocarburos que resulten da súa competencia.

g) Inspeccionar, no ámbito das instalacións da súa competencia, as condicións técnicas, ambientais e, se é o caso, económicas das empresas titulares das devanditas instalacións.

h) Inspecciona-lo mantemento de existencias mínimas de seguridade cando tal mantemento corresponda

a distribuidores a retallo ou a consumidores situados no seu ámbito territorial.

i) Sancionar, de acordo coa lei, a comisión das infraccións no ámbito da súa competencia.

4. A Administración xeral do Estado poderá subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas para conseguir unha xestión máis eficaz das actuacións administrativas relacionadas coas instalacións a que se refire a presente lei.

Artigo 4. *Planificación en materia de hidrocarburos.*

1. A planificación en materia de hidrocarburos terá carácter indicativo, salvo no que se refire ós gasoductos da rede básica, ás instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas de hidrocarburos e á determinación de criterios xerais para o establecemento de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo, tendo nestes casos carácter obrigatorio e de mínimo esixible para a garantía de subministración de hidrocarburos.

2. A planificación en materia de hidrocarburos será realizada polo Goberno coa participación das comunidades autónomas e será presentada ó Congreso dos Deputados.

3. A dita planificación deberase referir, polo menos, ós seguintes aspectos:

a) Previsión da demanda de produtos derivados do petróleo e de gas natural ó longo do período establecido.

b) Estimación dos abastecementos de produtos petrolíferos necesarios para cubri-la demanda prevista baixo criterios de calidade, seguridade da subministración, diversificación enerxética, mellora da eficiencia e protección do ambiente.

c) Previsións relativas ás instalacións de transporte e almacenamento de produtos petrolíferos de acordo coa previsión da súa demanda, con especial atención das instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas.

d) Previsións de desenvolvemento da rede básica de transporte de gas natural, co fin de atende-la demanda con criterios de aproveitamento óptimo da infraestrutura de gas en todo o territorio nacional.

e) Definición das zonas de gasificación prioritaria, expansión das redes e etapas da súa execución, co fin de asegurar un desenvolvemento homoxéneo do sistema gasista en todo o territorio nacional.

f) Previsións relativas a instalacións de transporte e almacenamento de combustibles gasosos, así como das plantas de recepción e regasificación de gas natural licuado, co fin de garanti-la estabilidade do sistema gasista e a regularidade e continuidade das subministracións de gases combustibles.

g) Establecemento de criterios xerais para determinar un número mínimo de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo en función da densidade, distribución e características da poboación e, se é o caso, da densidade de circulación de vehículos.

h) Os criterios de protección ambiental que deben informa-las actividades obxecto da presente lei.

Artigo 5. *Coordinación con plans urbanísticos e de infraestructuras viarias.*

1. A planificación de instalacións de transporte de gas e de almacenamento de reservas estratéxicas de hidrocarburos, así como os criterios xerais para a localización de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo, deberanse ter en conta no correspondente instrumento de ordenación do territorio, de ordenación urbanística ou de planificación de infraes-

tructuras viarias segundo corresponda, precisando as posibles instalacións, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo as reservas de solo necesarias para a localización das novas instalacións e a protección das existentes.

A planificación de instalacións a que se refire a letra g) do número 3 do artigo 4 tamén será tomada en consideración na planificación de estradas.

2. Nos casos en que non se tivese en conta a planificación das devanditas instalacións en instrumentos de ordenación ou de planificación descritos no punto anterior, ou cando razóns xustificadas de urxencia ou excepcional interese para a subministración de produtos petrolíferos ou gas natural aconsellen o establecemento delas, e sempre que en virtude do establecido noutras leis resultase preceptivo un instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico segundo a clase do solo afectado, haberá que se ater ó disposto na lexislación sobre réxime do solo e ordenación do territorio que resulte aplicable.

Artigo 6. *Outras autorizacións.*

1. As autorizacións, permisos e concesións obxecto da presente lei serano sen prexuízo daqueloutras autorizacións que os traballos, construcións e instalacións necesarios para o desenvolvemento obxecto deles puideren requirir por razóns fiscais, de ordenación do territorio e urbanismo, de protección do ambiente, de protección dos recursos mariños vivos, esixencia da correspondente lexislación sectorial ou seguridade para persoas e bens.

2. No tocante á seguridade e á calidade industriais dos elementos técnicos e materiais para as instalacións obxecto da presente lei, observarase o disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e nas demais disposicións aplicables na materia.

3. Cando os traballos, construcións e instalacións obxecto desta lei estean localizados ou teñan que realizarse dentro das zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, requirirase autorización do Ministerio de Defensa, de acordo co disposto na Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, e a súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO II

Exploración, investigación e explotación de hidrocarburos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 7. *Actividades obxecto de regulación.*

O presente título establece o réxime xurídico:

a) Da exploración, investigación e explotación dos xacigos de hidrocarburos.

b) Da exploración, investigación e explotación dos almacenamentos subterráneos para hidrocarburos.

c) Das actividades de transporte, almacenamento e manipulación industrial dos hidrocarburos obtidos, cando sexan realizadas polos propios investigadores ou explotadores de maneira accesoria e mediante instalacións anexas ás de produción.

Artigo 8. *Titulares.*

1. As persoas xurídicas, públicas ou privadas, poderán realizar calquera das actividades a que se refire este

título, mediante a obtención das correspondentes autorizacións, permisos e concesións.

As autorizacións, permisos e concesións a que se refire o presente artigo serán outorgados de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e non-discriminación.

2. Os permisos de investigación e as concesións de explotación só lles poderán ser outorgados, individualmente ou en titularidade compartida, a persoas xurídicas públicas ou privadas que acrediten a súa capacidade técnica e financeira para levar a cabo as operacións de investigación e, se é o caso, de explotación das áreas solicitadas.

3. No caso de titularidade compartida de permisos de investigación ou concesións de explotación, o conxunto de titulares deberá designar un deles como operador, sen prexuízo da súa responsabilidade solidaria fronte á Administración por tódalas obrigas que se deriven deles.

O operador será o representante do conxunto de titulares ante a Administración para os efectos de presentación de documentación, xestión de garantías e responsabilidades técnicas dos labores de prospección, avaliación e explotación.

Artigo 9. *Réxime xurídico das actividades.*

1. A autorización de exploración faculta o seu titular para realizar traballos de exploración en áreas libres, entendendo por tales aquelas áreas xeográficas sobre as que non exista un permiso de investigación ou unha concesión de explotación en vigor.

2. O permiso de investigación faculta o seu titular para investigar, en exclusiva, na superficie outorgada, a existencia de hidrocarburos e de almacenamentos subterráneos para eles, nas condicións establecidas neste título. O outorgamento dun permiso de investigación confírelle ó titular o dereito a obter concesións de explotación, en calquera momento do prazo de vixencia do permiso, logo do cumprimento das condicións a que se refire o capítulo III do presente título.

3. A concesión de explotación faculta o seu titular para realiza-la explotación dos recursos descubertos, ben por extracción dos hidrocarburos, ben pola utilización das estruturas como almacenamento subterráneo de calquera tipo daqueles, na área outorgada.

O titular dunha concesión de explotación terá dereito ás autorizacións pertinentes para a construción e utilización das instalacións que sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade, sempre que se axusten á lexislación vixente e ó plan de explotación previamente presentado.

Artigo 10. *Investimento por non-nacionais.*

Para os efectos deste título o investimento de capital por persoas xurídicas domiciliadas no estranxeiro será libre, e deberá axustarse ó disposto na normativa vixente sobre investimentos estranxeiros.

Artigo 11. *Transmisibilidade de permisos de investigación e concesións de explotación.*

A transmisión total ou parcial de permisos de investigación e de concesións de explotación, así como os convenios de colaboración que os seus titulares leven a cabo para o desenvolvemento das súas actuacións, estarán sometidos á autorización da Administración competente logo de acreditación dos requisitos esixidos para ser titular deles.

Artigo 12. *Obriga de información.*

1. Os titulares de autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación estarán obrigados a lle proporcionar ó órgano competente que os outorgase a información que lle solicite respecto das características do xacigo e verbo dos traballos, producións e investimentos que realicen, así como os informes xeolóxicos e xeofísicos referentes ás súas autorizacións, permisos e concesións, así como os demais datos que regulamentariamente se determinen.

2. Os datos facilitados terán a consideración de confidenciais e non lles poderán ser comunicados a terceiros sen autorización expresa do titular durante a vixencia do permiso de investigación ou da concesión de explotación.

Exceptúanse desta confidencialidade os datos relativos a recursos minerais distintos dos regulados por esta lei e as informacións de carácter xeral técnico ou susceptibles de explotación estatística que periodicamente poderá facer públicas o Ministerio de Industria e Enerxía ou o órgano competente da comunidade autónoma na forma que se determine regulamentariamente.

No suposto de autorizacións de exploración, o carácter confidencial manterase durante o prazo de cinco anos desde a data de terminación dos traballos de campo.

3. Toda información e documentación técnica xerada por programas de prospección en autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación deberalle ser remitida á Administración competente que os outorgase.

4. As comunidades autónomas remitirán pola súa vez a información referida a autorizacións de exploración e permisos de investigación que concedesen, así como a información e documentación técnica, á que se refire o número 3 deste artigo, que se incorporará ó Arquivo Técnico Especial.

CAPÍTULO II

Exploración e investigación

Artigo 13. *Actividades libres.*

A exploración superficial terrestre de mero carácter xeolóxico poderase efectuar libremente en todo o territorio nacional.

Artigo 14. *Autorizacións de exploración.*

1. O Ministerio de Industria e Enerxía, ou o órgano competente da comunidade autónoma cando afecte o seu ámbito territorial, poderá autorizar en áreas libres traballos de exploración de carácter xeofísico ou outros que non impliquen a execución de perforacións profundas definidas así regulamentariamente.

2. Os solicitantes de autorizacións de exploración deberán acreditarlos seguintes extremos nos termos que nas correspondentes normativas de desenvolvemento se establezan:

- Capacidade legal, técnica e financeira do solicitante.
- Programa de exploración, con indicación das técnicas que se empregarán e medidas de protección ambiental.
- Situación dos lugares onde se vaia acomete-lo plan de exploración.

3. En ningún caso se autorizarán estas exploracións con carácter de monopolio nin se crearán dereitos exclusivos.

Artigo 15. *Permisos de investigación.*

1. Os permisos de investigación serán outorgados polo Goberno ou polos órganos de goberno das comunidades autónomas cando afecten o seu ámbito territorial e conferirán o dereito exclusivo de investigación das áreas a que vaian referidas durante un período de seis anos.

Con carácter excepcional, este período poderá ser prorrogado, a petición do interesado, por un prazo de tres anos. O outorgamento de prórroga suporá a redución da superficie orixinal do permiso nun 50 por 100 e estará condicionada ó cumprimento polo titular do permiso das obrigas establecidas para o primeiro período de vixencia.

2. As superficies dos permisos de investigación terán un mínimo de 10.000 hectáreas e un máximo de 100.000 hectáreas.

3. As superficies dos permisos delimitaranse por coordenadas xeográficas, admitíndose en cada permiso de investigación desviacións ata do 4 por 100 dos límites máximos establecidos.

Artigo 16. *Solicitud e rexistro.*

1. O permiso de investigación solicitaráselle ó Ministerio de Industria e Enerxía ou ó órgano correspondente da comunidade autónoma cando afecte o seu ámbito territorial. No citado ministerio deberá haber un rexistro público especial, sen prexuízo dos posibles rexistros territoriais, no que se fará constar a identidade do solicitante, o día de presentación, o número de orde que corresponda á solicitude e as demais circunstancias.

Regulamentariamente establecerase o procedemento de comunicación ó citado rexistro da información relativa ós permisos de investigación outorgados polas comunidades autónomas.

2. O solicitante do permiso de investigación deberá acreditar ante o órgano competente os seguintes extremos nos termos en que se dispoña en cada normativa de desenvolvemento:

- a) Capacidade legal, técnica e económico-financeira do solicitante.
- b) Superficie do permiso de investigación, que se delimitará polas súas coordenadas xeográficas.
- c) Proxecto de investigación, que comprenderá o plan de labores anual, o plan de investimentos, as medidas de protección ambientais e o plan de restauración adecuado ó plan de labores proposto.
- d) Xustificante acreditativo de que se ingresou a garantía a que se refire o artigo 21 da presente lei.

Artigo 17. *Ofertas en competencia.*

1. Dentro dos trinta días seguintes á entrada da solicitude no correspondente rexistro, o órgano competente comprobará se o solicitante reúne os requisitos esixidos neste título.

2. No caso de que o solicitante non reúna os ditos requisitos, denegarase a solicitude. Se os cumpre, ordenarase a publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» dos datos técnicos indicados no artigo 16 da presente lei, e dun anuncio na forma que estableza o regulamento que desenvolva o presente título, co fin de que no prazo de dous meses poidan presentarse ofertas en competencia ou de que poidan formular oposición os que consideren que o permiso solicitado invade outro ou algunha concesión de explotación de hidrocarburos, vixente ou en tramitación. Tamén se poderá alegar, por vía de opo-

sición, a concorrencia de calquera das circunstancias limitativas detalladas neste título.

Este procedemento non será de aplicación ás demais que cada Administración poderá outorgar libremente a favor dos titulares de permisos de investigación estremeiros que a súa normativa de desenvolvemento estableza.

3. Unha vez publicada a petición no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma», o seu titular e os que presenten ofertas en competencia poderán presentar, dentro do prazo de dous meses, un prego selado que conteña unha proposta de mellora das condicións previas ofertadas, e que só será aberto unha vez terminado o indicado prazo.

4. Transcorrido o prazo de dous meses non se admitirán novas solicitudes sobre a mesma superficie entretanto non recaia resolución.

Artigo 18. *Procedemento.*

1. Regularase regulamentariamente o procedemento para a adjudicación, a forma de presentación das ofertas e os investimentos mínimos que se vaian realizar en cada período de vixencia.

2. A resolución sobre o outorgamento do permiso de investigación adoptarase por real decreto ou na forma que cada comunidade autónoma estableza para os correspondentes ó seu ámbito territorial, e deberá resolver expresamente as eventuais oposicións que se formulasen.

3. Na resolución de outorgamento fixaranse os traballos mínimos que deberán realizalos adjudicatarios dos permisos, incluídos os labores de protección ambiental, ata o momento da súa extinción ou da renuncia a eles.

Artigo 19. *Concorrencia de solicitudes.*

En caso de concorrencia de dúas ou máis solicitudes sobre a mesma área, o órgano competente, por razón do ámbito territorial, resolverá ponderando conxuntamente como causas de preferencia as circunstancias seguintes:

- a) Maior contía dos investimentos e rapidez de execución do programa de investimento.
- b) Maior capacidade técnica e financeira para levar a cabo o programa de exploración proposto.
- c) Titularidade dun permiso ou permisos limítrofes.
- d) Prioridade na data de presentación das solicitudes.

Artigo 20. *Concurso para áreas non concedidas.*

O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Industria e Enerxía, ou os órganos de goberno das comunidades autónomas, poderán no ámbito das súas competencias, cando o consideren necesario para obter a oferta que mellor conveña ó interese xeral, abrir un concurso sobre determinadas áreas non concedidas nin en tramitación mediante anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma», e adjudicarllas ó concursante que, reunindo os requisitos esixidos, ofrezca as mellores condicións.

Artigo 21. *Garantía.*

1. A garantía esixida no artigo 16 fixarase en función do plan de investimentos e do plan de restauración presentados polo solicitante e responderá ó cumprimento das obrigas fiscais, da Seguridade Social e de restauración, así como do pagamento de multas e sancións.

2. A garantía que se deba constituír a favor da Administración actuante consistirá nalgunha das previstas no artigo 3 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, ou norma autonómica que, se é o caso, corresponda.

3. O valor da garantía esixida fixarase regulamentariamente e actualizarase de forma periódica para os novos permisos e concesións outorgados, considerando principalmente os valores de mercado das operacións no sector.

4. O titular ou o operador de cada permiso de investigación ou concesión de explotación será responsable da presentación e mantemento, ante o Ministerio de Industria e Enerxía ou ante o órgano correspondente da comunidade autónoma, nos permisos do seu ámbito territorial, do 100 por 100 da garantía.

5. En caso de denegación ou renuncia do permiso ou de extinción del, sempre que o titular cumprise as súas obrigas, o depósito seralle devolto ó interesado ou a garantía deixada sen efecto nos prazos que regulamentariamente se determinen.

6. No caso de que se execute total ou parcialmente a garantía por incumprimento das obrigas a que se refire o número 1 deste artigo, o titular estará obrigado a repór a aquela dentro do prazo que para o efecto se sinala no regulamento e no suposto de incumprimento o permiso quedará anulado.

Artigo 22. *Desenvolvemento de labores e traballos.*

1. O titular dun permiso de investigación estará obrigado a desenvolver, en todo caso, o programa de labores, os traballos de recoñecemento e os investimentos dentro dos prazos que se especifiquen nas resolucións de outorgamento do órgano competente.

2. Excepcionalmente, e en casos de forza maior, o órgano competente poderá modifica-los prazos a que se refire o número 1 deste artigo, o programa de labores e o plan de investimentos, e incluso transferir obrigas do plan de investimentos duns permisos a outros, logo de renuncia dos primeiros e sempre que sexan dun mesmo titular e fosen outorgados polo mesmo órgano competente.

3. O titular dun permiso de investigación que descubriase hidrocarburos estará obrigado a informar sobre iso a Administración que concedese o permiso de investigación e, en todo caso, o Ministerio de Industria e Enerxía, e poderá utilízalos na medida que esixan as operacións propias da investigación e en calquera das zonas que lle fosen ou lle sexan adxudicadas.

Artigo 23. *Concurrencia de dereitos mineiros.*

1. Poderanse outorgar permisos de investigación de hidrocarburos mesmo nos casos en que sobre a totalidade ou parte da mesma área existan outros dereitos mineiros outorgados de acordo coa normativa que resulte aplicable.

2. O outorgamento de permisos de investigación consonte a presente lei non impedirá a atribución sobre as mesmas áreas de autorizacións, permisos ou concesións relativos a outros xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos.

3. Regulamentariamente, determinarase o modo de resolver as incidencias que se poidan presentar por coincidir nunha área permisos de investigación ou concesións de explotación de hidrocarburos e doutras substancias minerais e demais recursos xeolóxicos. No caso de que os labores sexan incompatibles, definitiva ou temporalmente, o Ministerio de Industria e Enerxía ou o órgano competente da comunidade autónoma, se ámbalas

actividades teñen que se desenvolver dentro do seu ámbito territorial, resolverá sobre a substancia ou o recurso que resulte de maior interese explotar. O titular a quen se lle conceda a prioridade terá que lle aboar a aquel a quen se lle denegue a indemnización que proceda polos danos que se lle ocasionen. Se a incompatibilidade for temporal, os labores suspendidos poderanse continuar unha vez desaparecida aquela.

CAPÍTULO III

Explotación

Artigo 24. *Concesión de explotación de xacigos e almacenamentos subterráneos.*

1. A concesión de explotación confírelles ós seus titulares o dereito a realizaren en exclusiva a explotación do xacigo de hidrocarburos nas áreas outorgadas por un período de trinta anos, prorrogable por dous períodos sucesivos de dez, cando a actividade realizada polo seu titular sexa a explotación de xacigos de hidrocarburos.

Os titulares dunha concesión de explotación terán dereito a continua-las actividades de investigación nas ditas áreas e á obtención de autorizacións para actividades previstas neste título.

2. Os titulares dunha concesión de explotación poderanlles vender libremente os hidrocarburos obtidos ós suxeitos autorizados para a súa adquisición e tratamento de acordo co disposto na presente lei.

3. A concesión de explotación confírelles ós seus titulares o dereito en exclusiva a almacenar hidrocarburos de produción propia ou propiedade de terceiros no subsolo da área outorgada e outorgarase por un período de cincuenta anos, prorrogable por dous períodos sucesivos de dez anos, cando a actividade realizada polo seu titular sexa o almacenamento de hidrocarburos.

4. Naqueles casos en que os titulares dunha concesión de explotación almacenen hidrocarburos nun xacigo, que sexa ou fose produtor de hidrocarburos, a duración de tal concesión será de ata noventa e nove anos.

Artigo 25. *Solicitud dunha concesión de explotación.*

1. As concesións de explotación só poderán ser solicitadas polos titulares de permisos de investigación sobre as mesmas áreas destes e serán resoltas pola Administración Xeral do Estado nun prazo de tres meses.

2. O titular do permiso de investigación, nos termos que regulamentariamente se establezan, deberá acreditar ante o Ministerio de Industria e Enerxía os seguintes extremos:

a) Situación, extensión e datos técnicos da concesión de explotación que xustifiquen a súa solicitude.

b) Plan xeral de explotación, programa de investimentos, un estudio de impacto ambiental e, se é o caso, estimación de reservas recuperables e perfil de produción.

c) Plan de desmantelamento e abandono das instalacións unha vez finalizada a explotación, así como recuperación do medio.

d) Xustificante acreditativo de ter ingresada a garantía na Caixa Xeral de Depósitos.

3. O Goberno autorizará, logo de informe da comunidade autónoma afectada, o outorgamento da concesión de explotación mediante real decreto. O real decreto fixará as bases do plan de explotación proposto, o seguro de responsabilidade civil que terá que ser suscrito obrigatoriamente polo titular da concesión e a provisión eco-

nómica de desmantelamento. Cando razóns de interese xeral o aconsellen o plan de explotación poderá ser modificado por real decreto, logo de informe da comunidade autónoma afectada.

Malia o establecido no parágrafo anterior, cando a concesión de explotación se refira a almacenamentos subterráneos de gas natural que polas súas características non teñan a condición de almacenamentos estratéxicos, a autorización do Goberno deberase realizar logo de informe favorable da comunidade autónoma afectada.

4. O concesionario presentaralle ó Ministerio de Industria e Enerxía, tres meses antes do comezo de cada ano natural, un plan anual de labores que se axustará ó plan de explotación en vigor.

5. Se vencese o prazo dun permiso de investigación antes de se outorga-la concesión de explotación solicitada, aquel entenderase prorrogado ata a resolución do expediente de concesión.

Artigo 26. *Superficie afecta e non afecta a unha concesión de explotación.*

1. As superficies que sexan obxecto de concesión de explotación poderán te-la forma que solicite o petionario, pero terán que quedar definidas pola agrupación de cuadriláteros dun minuto de lado, en coincidencia con minutos enteiros de latitude e lonxitude, unidos polo menos por un dos seus lados.

2. A superficie dunha concesión de explotación adaptarase ás dimensións mínimas que sexan necesarias para a súa protección.

3. A parte da superficie afecta a un permiso de investigación que non resulte cuberta polas concesións de explotación outorgadas será declarada franca e rexistrable.

Artigo 27. *Condicións e garantía.*

1. Os concesionarios nos seus labores de explotación deberán cumprilas condicións e requisitos técnicos que se determinen regulamentariamente.

2. A garantía esixida no artigo 16 da presente lei fixarase en función do programa de investimentos presentado polo solicitante e responderá ó cumprimento das obrigas fiscais, da Seguridade Social, de desmantelamento e de recuperación, así como do pagamento de multas que procedan de conformidade co réxime sancionador previsto no título VI.

3. A garantía do permiso de investigación poderase adaptar á esixible para a concesión de explotación, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 28. *Prórroga das concesións de explotación.*

1. As prórrogas de concesións de explotación de xacigos e de almacenamentos subterráneos, de acordo co disposto no artigo 24 desta lei, solicitaránselle ó órgano que outorgase a concesión para a cal se solicita a prórroga.

2. A prórroga outorgarase sempre que o titular cumprise as obrigas comprometidas no período de vixencia anterior e manteña a súa actividade de acordo co seu plan de explotación.

Artigo 29. *Reversión de instalacións.*

1. A anulación ou extinción dunha concesión de explotación dará lugar á súa inmediata reversión ó Estado, que lle poderá esixir ó titular o desmantelamento das instalacións de explotación.

No caso de que non se solicite o desmantelamento reverterán gratuitamente ó Estado os pozos, equipamentos permanentes de explotación e de conservación

daqueles e calquera obra estable de traballo incorporada de modo permanente ós labores de explotación.

2. A Administración poderalle autorizar ó titular dunha concesión de explotación e por solicitude deste a utilización das instalacións de calquera clase e das obras estables situadas dentro da concesión de explotación e incorporadas de modo permanente ós labores de explotación e que, conforme o disposto neste artigo, revertan ó Estado, se no momento da reversión se estivesen utilizando para o servicio de concesións de explotación ou permisos de investigación do mesmo titular, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

3. Cando unha concesión de explotación se extinga por vencemento do seu prazo e sexa obxecto de concurso para a súa ulterior adxudicación, terá preferencia para adquirila, en igualdade de condicións, o concesionario cesante.

CAPÍTULO IV

Autoridade e xurisdicción

Artigo 30. *Xurisdicción.*

Os titulares de autorizacións de exploración, permisos de investigación ou concesións de explotación someteranse en cantas cuestións se susciten en relación con eles, ás leis e ós tribunais españois.

Artigo 31. *Inspección administrativa.*

1. O Ministerio de Industria e Enerxía, ou o órgano competente da comunidade autónoma nos permisos de investigación que outorgue cando afecte ó seu ámbito territorial, poderá, en calquera momento, inspeccionar tódolos traballos e actividades regulados neste título, para comproba-lo cumprimento das obrigas que lles resulten esixibles ós titulares.

2. O Ministerio de Industria e Enerxía, ou o órgano competente da comunidade autónoma nas autorizacións e permisos de investigación que outorgue cando afecte o seu ámbito territorial, poderá solicita-la presentación polos titulares de permisos e concesións das contas anuais, podendo esixirse que as contas estean debidamente auditadas, así como a práctica de auditorías complementarias sobre aqueles extremos que se consideren necesarios da actividade de explotación de hidrocarburos en territorio nacional da empresa de que se trate.

Artigo 32. *Actividades no subsolo mariño.*

As actividades obxecto do presente título que se realicen no subsolo do mar territorial e nos demais fondos mariños que estean baixo a soberanía nacional rexeranse pola presente lei, pola lexislación vixente de costas, mar territorial, zona económica exclusiva e plataforma continental, e polos acordos e convencións internacionais dos que o Reino de España sexa parte.

Cando o ámbito destas actividades comprenda ó mesmo tempo zonas terrestres dunha soa comunidade autónoma e do subsolo mariño requirirase informe previo da comunidade autónoma afectada.

CAPÍTULO V

Anulabilidade, caducidade e extinción

Artigo 33. *Anulabilidade de autorizacións, permisos e concesións.*

1. As autorizacións, permisos e concesións a que se refire o presente título serán nulos cando se outorguen contravindo o disposto na presente lei.

2. Os permisos e concesións que se superpoñan a outros xa outorgados serán nulos. A nulidade só afectará a extensión superposta cando quede no resto do permiso ou concesión área suficiente para que se cumpran as condicións esixidas neste título.

Artigo 34. *Extinción.*

1. As autorizacións, permisos e concesións regulados no presente título extinguiranse:

- a) Por incumprimento das condicións do seu outorgamento.
- b) Por caducidade ó vencemento dos seus prazos.
- c) Por renuncia, total ou parcialmente do titular, unha vez cumpridas as condicións en que foron outorgados.
- d) Pola disolución ou a liquidación da empresa titular.
- e) Por calquera outra causa establecida polas leis.

2. Ó se extinguir un permiso ou concesión devolverse-lle ó seu titular a garantía ou a parte desta que corresponda no caso de extinción parcial, salvo que proceda a súa execución de acordo co establecido no artigo 21 da presente lei.

3. Cando unha concesión de explotación se extinga por vencemento do seu prazo e sexa obxecto de concurso para a súa ulterior adjudicación, terá preferencia para adquirirla, en igualdade de condicións, o concesionario cesante.

Artigo 35. *Paralización do expediente.*

1. Cando por causa imputable ó solicitante se paralice a tramitación dun expediente, a autoridade competente advertiralle a este que, transcorridos tres meses, se producirá a súa caducidade, e no caso de que se trate dun permiso de investigación ou concesión de explotación, como das súas prórrogas, o titular perderá a favor da Administración competente a fianza ou garantía depositada.

2. Cando a suspensión se acorde por unha causa non imputable ó titular, o permiso ou concesión prorrogase polo prazo de duración daquela.

Artigo 36. *Normativa xeral.*

O disposto no presente capítulo enténdese sen prexuízo do establecido con carácter xeral na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas disposicións que a desenvolven.

TÍTULO III

Ordenación do mercado de produtos derivados do petróleo

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 37. *Réxime das actividades.*

1. As actividades de refinación de cru de petróleo, o transporte, almacenamento, distribución e venda de produtos derivados do petróleo, incluídos os gases licuados do petróleo, poderán ser realizadas libremente nos termos previstos na presente lei, sen prexuízo das obrigas que se poidan derivar doutras disposicións, da correspondente lexislación sectorial, en especial, das fis-

cais, das relativas á ordenación do territorio e ó ambiente e de protección dos consumidores e usuarios.

2. As actividades de importación, exportación e intercambio intracomunitario de cru de petróleo e produtos petrolíferos realizarase sen máis requisitos cós que se deriven da aplicación da normativa comunitaria, sen prexuízo da normativa fiscal aplicable.

Artigo 38. *Prezos.*

Os prezos dos produtos derivados do petróleo serán libres.

CAPÍTULO II

Hidrocarburos líquidos

Artigo 39. *Refinación.*

1. A construción, posta en explotación ou cerramento das instalacións de refinación, estará sometida ó réxime de autorización administrativa previa nos termos establecidos na presente lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

A autorización administrativa de cerramento dunha instalación de refinación poderalle impoñer ó seu titular a obriga de proceder ó seu desmantelamento.

A transmisión ou modificación substancial destas instalacións deberalle ser comunicada á autoridade concedente da autorización orixinal.

2. Para a obtención de tales autorizacións, os solicitantes deberán acreditarlos seguintes extremos:

- a) As condicións técnicas e de seguridade das instalacións propostas.
- b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.
- c) A adecuación da localización da instalación ó réxime de ordenación do territorio.

3. As autorizacións a que se refire o presente artigo terán carácter regrado e serán outorgadas polo Ministerio de Industria e Enerxía, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e non-discriminación.

Artigo 40. *Transporte e almacenamento.*

1. A construción e explotación das instalacións de transporte ou almacenamento de produtos petrolíferos, cando estas últimas teñan por obxecto prestaren servizo a operadores ós que se refire o artigo 42 da presente lei, estará sometida ó réxime de autorización administrativa previa nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

A transmisión ou cerramento destas instalacións deberalle ser comunicada á autoridade concedente da autorización orixinal.

2. Os solicitantes de autorización para instalacións de transporte ou parques de almacenamento de produtos petrolíferos deberán acreditarlos seguintes extremos:

- a) As condicións técnicas e de seguridade das instalacións propostas.
- b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.
- c) A adecuación da localización da instalación ó réxime de ordenación de territorio.

3. As autorizacións a que se refire o presente artigo terán carácter regrado e serán outorgadas pola Administración competente, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e non-discriminación, tomando en consideración os criterios de planificación que se deriven do artigo 4 da presente lei.

Artigo 41. Acceso de terceiros ás instalacións de transporte e almacenamento.

1. Os titulares de instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos, autorizadas conforme o disposto no artigo 40 da presente lei, deberán permiti-lo acceso de terceiros mediante un procedemento negociado, en condicións técnicas e económicas non discriminatorias, transparentes e obxectivas, aplicando prezos que deberán facer públicos. Nembargantes, o Goberno poderá establecer peaxes de acceso para territorios insulares e para aquelas zonas do territorio nacional onde non existan infraestruturas alternativas de transporte e almacenamento ou estas se consideren insuficientes.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento de comunicación á Comisión Nacional de Enerxía dos conflitos que se poidan suscitar na negociación dos contratos de acceso a instalacións de transporte ou almacenamento.

2. Cando o solicitante de acceso teña obriga de mantemento de existencias mínimas de seguridade, de acordo co artigo 50 da presente lei, poderá solicita-la prestación do servizo de almacenamento para as ditas existencias, que lle será concedido en función da utilización operativa contratada. Se non existe capacidade dispoñible para tódolos demandantes do servizo, asignarase a existente cun criterio de proporcionalidade.

3. Terán dereito de acceso ás instalacións de transporte e almacenamento os operadores por xunto, así como os consumidores e comercializadores de produtos petrolíferos que regulamentariamente se determinen atendendo ó seu nivel de consumo anual.

4. Os titulares das instalacións poderán denega-lo acceso de terceiros nos seguintes supostos:

- a) Que non exista capacidade dispoñible durante o período contractual proposto polo potencial usuario.
- b) Que o solicitante non se encontre ó corrente no pagamento das obrigas derivadas de utilizacións anteriores.

5. Así mesmo, poderase denega-lo acceso á rede cando a empresa solicitante ou aquela á que se lle adquiera o produto, directamente ou por medio de acordos con outras empresas subministradoras, ou aquelas ás que calquera delas estea vinculada, radiquen nun país no que non estean recoñecidos dereitos análogos e considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas ás que se require o acceso. Todo iso, sen prexuízo dos criterios que se vaian seguir respecto de empresas de estados membros da Unión Europea conforme a lexislación uniforme na materia que se estableza.

Artigo 42. Operadores por xunto.

1. Serán operadores por xunto os titulares de refinerías, as súas filiais maioritariamente participadas e aqueles suxeitos que obteñan a autorización de actividade a que se refire o presente artigo.

2. Corresponderalles ós operadores por xunto a venda de produtos petrolíferos para a súa posterior distribución a retallo.

3. Os solicitantes de autorizacións para actuar como operadores por xunto deberán acredita-lo cumprimento das seguintes condicións:

- a) A súa capacidade legal, técnica e económico-financiera para a realización da actividade.
- b) Garanti-lo cumprimento das obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade, de acordo co previsto no artigo 50 da presente lei.

4. Créase un rexistro, no Ministerio de Industria e Enerxía, de operadores por xunto de produtos petrolíferos.

Artigo 43. Distribución a retallo de produtos petrolíferos.

1. A actividade de distribución a retallo de produtos petrolíferos comprenderá:

- a) A subministración de combustibles e carburantes a vehículos en instalacións habilitadas para o efecto.
- b) A subministración a instalacións fixas para consumo na propia instalación.
- c) A subministración de queroseno con destino á aviación.
- d) A subministración de combustibles a embarcacións.
- e) Calquera outra subministración que teña por finalidade o consumo destes produtos.

2. A actividade de distribución a retallo de carburante e combustibles petrolíferos poderá ser exercida libremente por calquera persoa física ou xurídica.

As instalacións utilizadas para o exercicio desta actividade deberán contar coas autorizacións administrativas preceptivas para cada tipo de instalación, de acordo coas instrucións técnicas complementarias que establezan as condicións técnicas e de seguridade das ditas instalacións, así como cumprir co resto da normativa vixente que en cada caso sexa de aplicación, en especial a referente a metroloxía e metrotecnia e a protección dos consumidores e usuarios.

3. Os acordos de subministración en exclusiva que se subscriban entre os operadores por xunto e os propietarios de instalacións para a subministración de vehículos, recollerán nas súas cláusulas, se os devanditos propietarios o solicitan, a venda en firme dos mencionados produtos.

As empresas que distribúan ou subministren a retallo carburantes e combustibles petrolíferos deberánlles esixir ós titulares das instalacións receptoras fixas para consumo na propia instalación a documentación e acreditación do cumprimento das súas obrigas.

Cando en virtude dos vínculos contractuais de subministración en exclusiva, tanto en réxime de venda en firme como de comisión, as instalacións para a subministración de combustibles ou carburantes a vehículos se subministren dun só operador que teña implantada a súa imaxe de marca na instalación, este estará facultado, sen prexuízo das demais facultades recollidas no contrato, para establece-los sistemas de inspección ou seguimento adecuados para o control da orixe, volume e calidade dos combustibles entregados ós consumidores e para comprobar que se corresponden cos subministrados á instalación.

Os operadores deberánlles dar conta ás autoridades competentes, se comprobaren desviacións que puideren constituír indicio de fraude ó consumidor e da negativa que, se é o caso, se produza ás actuacións de comprobación.

Nestes supostos, a Administración competente deberá adoptar as medidas necesarias para asegura-la protección dos intereses dos consumidores e usuarios.

4. As actuacións de inspección e seguimento dos operadores por xunto, a que se refire o punto anterior, deberanse realizar cun procedemento que asegure a posibilidade dos propietarios ou xestores da instalación de contrastaren por ámbalas partes as probas realizadas.

Artigo 44. *Rexistro de instalacións de distribución a retalho.*

1. As comunidades autónomas constituirán un rexistro de instalacións de distribución a retalho no cal deberán estar inscritas todas aquelas instalacións que desenvolvan esta actividade no seu ámbito territorial, logo de acreditación do cumprimento polas ditas instalacións dos requisitos legais e regulamentarios que resulten esixibles.

2. Créase no Ministerio de Industria e Enerxía un rexistro de instalacións de distribución a retalho que permita o exercicio das competencias que lle correspondan á Administración xeral do Estado.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento de comunicación dos datos das instalacións que fosen inscritas polas comunidades autónomas nos seus respectivos rexistros.

CAPÍTULO III

Gases licuados do petróleo

Artigo 45. *Operadores por xunto.*

1. Serán operadores por xunto de gases licuados do petróleo aqueles suxeitos que obteñan a autorización de actividade a que se refire o presente artigo.

2. Corresponderanlles ós operadores por xunto de gases licuados do petróleo as actividades de envasado e a súa posterior distribución por xunto, así como a distribución por xunto dos ditos gases a granel.

No envase que conteña gas licuado do petróleo deberá figurar unha marca ou identificación suficiente do operador por xunto que leva a cabo a súa distribución.

3. Para a obtención das autorizacións a que se refire o número 1 os solicitantes deberán acredita-lo cumprimento das seguintes condicións:

A súa capacidade legal, técnica e económico-financieira para a realización da actividade.

Contar cos medios necesarios para cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade, de acordo co previsto no artigo 50 da presente lei.

O cumprimento polas súas instalacións de almacenamento e, se é o caso, de envasado, das condicións técnicas e de seguridade que se establezan regulamentariamente.

4. Os suxeitos autorizados para realizar estas actividades deberán ter á disposición dos comercializadores a retalho de gases licuados de petróleo envasado, e, se é o caso, dos seus clientes, un servizo de asistencia técnica permanente das instalacións dos seus usuarios que garanta o correcto funcionamento delas.

5. Cando a instalación receptora da subministración de gases licuados do petróleo a granel teña por obxecto a súa distribución por canalización seralle de aplicación o réxime xurídico establecido no capítulo V do título IV.

6. Os distribuidores a retalho de gases licuados do petróleo a granel e os comercializadores a retalho de gases licuados do petróleo envasados serán responsables de que as súas instalacións cumpran as condicións

técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten esixibles así como do seu correcto mantemento.

Os operadores por xunto deberanlles esixir ós distribuidores e comercializadores ós que subministren, a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas anteriores.

Artigo 46. *Distribuidores a retalho de gases licuados do petróleo a granel.*

1. Serán distribuidores a retalho de gases licuados do petróleo a granel aqueles suxeitos que obteñan a autorización de actividade a que se refire o presente artigo.

2. Para a obtención de tales autorizacións, os solicitantes deberán acredita-lo cumprimento das seguintes condicións:

A súa capacidade legal, técnica e económico-financieira para a realización da actividade.

O cumprimento polas súas instalacións de almacenamento das condicións técnicas e de seguridade que se establezan regulamentariamente.

3. Os titulares de instalacións receptoras de gases licuados do petróleo a granel para consumo serán responsables de que as súas instalacións cumpran as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten esixibles, así como do seu correcto mantemento.

As empresas que subministren gases licuados do petróleo a granel deberanlles esixir ós titulares das instalacións a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas anteriores.

4. Non será necesaria a autorización a que se refire o presente artigo para a venda de gases licuados do petróleo a granel para subministración a vehículos que se realice desde as instalacións fixas de distribución a retalho de produtos petrolíferos reguladas no artigo 43 da presente lei.

Artigo 47. *Comercialización a retalho de gases licuados do petróleo envasados.*

1. A comercialización a retalho de gases licuados do petróleo envasados será realizada libremente por calquera persoa física ou xurídica.

As instalacións que se destinen ó almacenamento e comercialización dos envases de gases licuados do petróleo envasados, deberán cumprilas condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente lles sexan esixibles.

2. Non se poderán establecer pactos de subministración en exclusiva de gases licuados do petróleo envasados entre os operadores e comercializadores ós que se refire o presente artigo, sen máis excepción que os que se concerten entre aqueles e os axentes a comisión integrados nas súas redes de distribución.

As redes de distribución con axentes en exclusiva deberanlles garantir ós usuarios que o soliciten a subministración domiciliaria de gases licuados do petróleo envasados.

3. Os comercializadores a retalho de gases licuados do petróleo envasados deberán ter á disposición dos seus clientes un servizo de asistencia técnica permanente de instalacións de consumo en por si ou a través dun operador por xunto, de maneira que se garanta un adecuado servizo a tódolos usuarios.

4. Os titulares de instalacións de consumo de gases licuados do petróleo envasados serán responsables de que as súas instalacións cumpran as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente resulten esixibles, así como do correcto mantemento delas.

Artigo 48. *Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo.*

Créase no Ministerio de Industria e Enerxía o rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo, no cal deberán estar inscritos os suxeitos autorizados para realizaren as actividades a que fai referencia o artigo 45 da presente lei.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento de comunicación dos datos que teñan que figurar no citado rexistro.

CAPÍTULO IV

Garantía de subministración

Artigo 49. *Garantía de subministración.*

1. Tódolos consumidores terán dereito á subministración de produtos derivados do petróleo no territorio nacional, nas condicións previstas na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento.

2. En situacións de escaseza de subministración, o Consello de Ministros, mediante acordo, poderá adoptar, no ámbito, coa duración e coas excepcións que se determinen, entre outras, algunha ou algunhas das seguintes medidas:

- a) Limitacións da velocidade máxima do tránsito rodado en vías públicas.
- b) Limitación da circulación de calquera tipo de vehículos.
- c) Limitación da navegación de buques e aeronaves.
- d) Limitación de horarios e días de apertura de instalacións para a subministración de produtos derivados do petróleo.
- e) Suspensión de exportacións de produtos enerxéticos.
- f) Sometemento a un réxime de intervención das existencias mínimas de seguridade a que se refire o artigo seguinte.
- g) Limitación ou asignación das subministracións a consumidores de todo tipo de produtos derivados do petróleo, así como restricións no uso deles.
- h) Imposicións ós titulares de concesións de explotación de hidrocarburos a que se refire o título II a obriga de subministra-lo seu produto para o consumo nacional.
- i) Intervención dos prezos de venda ó público dos produtos derivados do petróleo.
- j) Outras medidas que poidan ser recomendadas polos organismos internacionais dos que o Reino de España sexa parte, que se determinen en aplicación daqueles convenios en que se participe ou aqueles que teña suscrito nos que se recollan medidas similares.

En relación con tales medidas determinarase, así mesmo, o réxime retributivo aplicable a aquelas actividades que se visen afectadas polas medidas adoptadas, garantindo, en todo caso, un reparto equilibrado dos custos.

Artigo 50. *Existencias mínimas de seguridade.*

1. Todo operador autorizado a distribuír por xunto produtos petrolíferos en territorio nacional, e toda empresa que desenvolva unha actividade de distribución a retallo de carburantes e combustibles petrolíferos non adquiridos ós operadores regulados nesta lei, deberán manter en todo momento existencias mínimas de seguridade dos produtos na cantidade, forma e localización xeográfica que o Goberno determine regulamentariamente, ata un máximo de cento vinte días das súas vendas anuais. Este máximo poderá ser revisado polo Gober-

no cando os compromisos internacionais do Estado o requiran.

Os consumidores de carburantes e combustibles, na parte non subministrada polos operadores regulados nesta lei, deberán igualmente manter existencias mínimas de seguridade na cantidade que regulamentariamente resulte esixible atendendo ó seu consumo anual.

Para efectos do cómputo das existencias mínimas de seguridade, que terá carácter mensual, consideraranse a totalidade das existencias almacenadas polos operadores e empresas a que se refire o parágrafo primeiro no conxunto do territorio nacional.

2. Cando se trate de gases licuados do petróleo os distribuidores por xunto deste produto, así como os comercializadores ou consumidores que non adquiren o produto a distribuidores autorizados, estarán obrigados a manter existencias mínimas de seguridade ata un máximo de trinta días das súas vendas ou consumos anuais.

3. A inspección do cumprimento da obriga de mantemento de existencias mínimas de seguridade corresponderalle ó Ministerio de Industria e Enerxía cando o suxeito obrigado sexa un operador por xunto e ás administracións autonómicas cando a obriga afecte a distribuidores a retallo ou a consumidores.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento de comunicación de información entre a Administración pública competente para a inspección e a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos a que se refire o artigo 52.

Artigo 51. *Existencias estratéxicas.*

1. Regulamentariamente, determinarase a parte das existencias mínimas de seguridade cualificable como existencias estratéxicas, e corresponderalle á corporación a que se refire o artigo 52 a súa constitución, mantemento e xestión.

2. Non existirán existencias estratéxicas dentro das existencias mínimas de seguridade correspondentes ós gases licuados do petróleo.

Artigo 52. *Entidade para a constitución, mantemento e xestión das existencias de seguridade.*

1. A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos terá por obxecto a constitución, mantemento e xestión das reservas estratéxicas e o control das existencias mínimas de seguridade previstas nos artigos anteriores. Así mesmo, como corporación de dereito público con personalidade xurídica propia, actuará en réxime de dereito privado e rexerase polo disposto na presente lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. A corporación estará suxeita, no exercicio da súa actividade, á tutela da Administración xeral do Estado, que a exercerá a través do Ministerio de Industria e Enerxía.

2. A Corporación estará exenta do imposto sobre sociedades respecto da renda derivada das achegas financeiras realizadas polos seus membros.

As achegas realizadas polos membros, en canto contribúan á dotación de reservas da Corporación, non serán fiscalmente deducibles para os efectos de determinar as súas bases impositivas polo imposto sobre sociedades. Tales achegas computaranse para determinar os incrementos ou diminucións de patrimonio que lles correspondan ós membros da corporación, por efecto da súa baixa nela ou por modificación da contía das súas existencias obrigatorias, segundo a regulación destes supostos.

As rendas que se poñan de manifesto nas operacións a que se refire o parágrafo anterior non darán dereito á dedución por dobre imposición de dividendos na parte

que corresponda a rendas non integradas na base imponible do imposto sobre sociedades da Corporación.

Igualmente, estará exenta do imposto sobre sociedades a renda que puidese obter a Corporación como consecuencia das operacións de disposición de existencias estratéxicas, renda que non poderá ser obxecto de distribución entre os membros, nin de préstamos ou operacións financeiras similares con eles.

3. Para asegura-lo cumprimento da obriga de manter existencias estratéxicas, a Corporación poderá adquirir crus e produtos petrolíferos e concertar contratos cos límites e condicións que se determinen regulamentariamente.

Toda disposición de existencias estratéxicas por parte da corporación requirirá a autorización previa do Ministerio de Industria e Enerxía e deberá realizarse a un prezo igual ó custo medio ponderado de adquisición ou ó de mercado, se fose superior, agás as excepcións determinadas regulamentariamente. Así mesmo, a Corporación contabilizará as súas existencias ó custo e medio ponderado de adquisición desde a creación dela.

Os membros deberán contribuír ó financiamento da Corporación, cederlle ou arrendarlle existencias e facilitarlle instalacións na forma que se determine regulamentariamente.

A achega financeira de cada membro establecerase en función dos custos en que a Corporación incorra para a constitución, almacenamento e conservación das existencias estratéxicas que veña obrigado a manter, así como do custo das demais actividades dela. Ademais, a devandita achega financeira deberá permitirla dotación pola Corporación, nos termos determinados regulamentariamente, das reservas necesarias para o adecuado exercicio das súas actividades.

As operacións de compra, venda e arrendamento de reservas estratéxicas, así como as referentes ó seu almacenamento, axustaranse a contratos tipo, o modelo dos cales será aprobado polo Ministerio de Industria e Enerxía.

4. A Corporación terá igualmente por obxecto controla-lo cumprimento da obriga de manter as existencias mínimas de seguridade segundo o disposto no artigo 50 da presente lei. Para iso, poderá solicitar a información e realiza-las inspeccións que sexan precisas, así como promover, se é o caso, a iniciación do expediente sancionador cando proceda.

Quen estea obrigado a manter existencias mínimas de seguridade, porque no exercicio da súa actividade se subministren con carburantes e combustibles petrolíferos non adquiridos ós operadores regulados nesta lei, poderá, nas condicións e casos determinados regulamentariamente e en función do volume das súas actividades, satisfacer a obriga establecida no artigo 50 da lei mediante o pagamento dunha cota por tonelada de produto importado ou adquirido para o seu consumo, destinada a financiar os custos de constitución, almacenamento e conservación das existencias mínimas de seguridade que lle correspondan, incluídas as estratéxicas.

Esta cota será determinada polo Ministerio de Industria e Enerxía coa periodicidade necesaria e será percibida pola Corporación na forma que se determine regulamentariamente.

5. Regulamentariamente, desenvolveranse as funcións da Corporación e establecerase a súa organización e réxime de funcionamento. Nos seus órganos de administración estarán suficientemente representados os operadores por xunto a que se refire o artigo 42 da presente lei, así como representantes do Ministerio de Industria e Enerxía e da Comisión Nacional de Enerxía.

Os representantes dos operadores membros da Corporación formarán parte da súa asemblea e o seu voto

nela graduarase en función do volume da súa achega financeira anual.

O presidente da Corporación e a parte de vocais do seu órgano de administración que regulamentariamente se determine serán designados polo ministro de Industria e Enerxía. O titular do dito departamento poderalles impoñer o seu veto a aqueles acordos da Corporación que infrinxan o disposto na presente lei e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 53. *Obrigas xerais.*

Quen en virtude do artigo 50 da presente lei estea obrigado a manter existencias mínimas de seguridade, así como toda aquela compañía que preste servicios de loxística de produtos petrolíferos, quedan obrigados a cumprir-las directrices dictadas polo Ministerio de Industria e Enerxía respecto das súas instalacións e mantemento, seguridade, calidade dos produtos e achega de información. Igualmente, quedarán obrigados a poñer á disposición as subministracións prioritarias que se sinalen por razóns de estratexia ou dificultade no abastecemento.

TÍTULO IV

Ordenación da subministración de gases combustibles por canalización

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 54. *Réxime de actividades.*

1. As actividades de fabricación, regasificación, almacenamento, transporte, distribución e comercialización de combustibles gasosos para a súa subministración por canalización, poderán ser realizadas libremente nos termos previstos neste título, sen prexuízo das obrigas que se poidan derivar doutras disposicións, e en especial das fiscais e das relativas á ordenación do territorio e ó ambiente e de defensa dos consumidores e usuarios.

2. As actividades de importación, exportación e intercambios comunitarios de combustibles gasosos realizaranse sen máis requisitos cós que deriven da normativa comunitaria.

Artigo 55. *Réxime de autorización de instalacións.*

1. Requirirán autorización administrativa previa nos termos establecidos na presente lei e nas disposicións que a desenvolvan, as seguintes instalacións destinadas á subministración ós usuarios de combustibles gasosos por canalización:

a) As plantas de regasificación e licuefacción de gas natural e de fabricación de gases combustibles manufacturados ou sintéticos ou de mestura de gases combustibles con aire.

b) As instalacións de almacenamento, transporte e distribución de gas natural.

c) O almacenamento e distribución de gases licuados do petróleo, combustibles gasosos manufacturados, e sintéticos e mesturas de gases e aire para subministración por canalización.

As actividades relativas ós gases licuados do petróleo que se distribúan ós consumidores finais, envasados ou a granel, rexeranse polo disposto no título III.

2. Poderán realizarse libremente, sen máis requisitos cós relativos ó cumprimento das disposicións téc-

nicas de seguridade e ambientais, as seguintes instalacións:

a) As que se relacionan no número anterior cando o seu obxecto sexa o consumo propio, non podendo subministrarse a terceiros.

b) As relativas á fabricación, mestura, almacenamento, distribución e subministración de combustibles gasosos desde un centro produtor no que o gas sexa un subproduto.

c) As de almacenamento, distribución e subministración de gases licuados do petróleo e de gas natural dun usuario ou dos usuarios dun mesmo bloque de vivendas.

d) As liñas directas consistentes nun gasoducto para gas natural que teña por obxecto exclusivo a conexión das instalacións dun consumidor cualificado co sistema de gas.

3. Non requirirán autorización administrativa os proxectos de instalacións necesarias para a defensa nacional consideradas de interese militar, conforme a Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 56. *Fabricación de gases combustibles.*

1. Para os efectos establecidos na presente lei terá a consideración de fabricación de gases combustibles, sempre que estes se destinen á subministración final a consumidores por canalización, as seguintes actividades:

a) A fabricación de combustibles gasosos manufacturados ou sintéticos.

b) A mestura de gas natural, butano ou propano con aire.

2. A fabricación de gases combustibles deberase axustar ós criterios de planificación en materia de hidrocarburos.

3. En relación coa autorización administrativa serálle de aplicación o establecido ó respecto no artigo 73 da presente lei.

Artigo 57. *Garantía da subministración.*

A subministración de combustibles gasosos por canalización realizarase a tódolos consumidores que o demanden, comprendidos nas áreas xeográficas pertencentes ó ámbito da correspondente autorización e nas condicións de calidade e seguridade que regulamentariamente estableza o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Sistema de gas natural

Artigo 58. *Suxeitos que actúan no sistema.*

As actividades destinadas á subministración de gas natural por canalización serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os transportistas, que son aquelas persoas xurídicas titulares de instalacións de regasificación de gas natural licuado, de transporte ou de almacenamento de gas natural.

As instalacións dos transportistas constituirán un subsistema de transporte cando o abastecemento a través delas supere o 3 por 100 do consumo do mercado.

b) Os distribuidores, que son aquelas persoas xurídicas titulares de instalacións de distribución que teñen a función de distribuí-lo gas natural por canalización, así como construí-lo, manter e realizar operacións nas instalacións de distribución destinadas a situar-lo gas nos puntos de consumo.

c) Os comercializadores son as sociedades mercantís que, accedendo ás instalacións de terceiros nos termos establecidos no presente título, adquieren o gas natural para a súa venda ós consumidores ou a outros comercializadores.

Artigo 59. *Sistema gasista e rede básica de gas natural.*

1. O sistema gasista comprenderá as seguintes instalacións: as incluídas na rede básica, as redes de transporte secundario, as redes de distribución e demais instalacións complementarias.

2. Para os efectos establecidos na presente lei, a rede básica de gas natural estará integrada:

a) Polos gasoductos de transporte primario de gas natural a alta presión. Consideraranse como tales aqueles cunha presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bares.

b) Polas plantas de regasificación de gas natural licuado que poidan abastecer-lo sistema gasista e as plantas de licuefacción de gas natural.

c) Polos almacenamentos estratéxicos de gas natural, que poidan abastecer-lo sistema gasista.

d) Polas conexións da rede básica con xacigos de gas natural no interior ou con almacenamentos.

e) Polas conexións internacionais do sistema gasista español con outros sistemas ou con xacigos no exterior.

3. As redes de transporte secundario están formadas polos gasoductos de presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bares.

4. As redes de distribución comprenderán os gasoductos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir-lo gas ó consumidor partindo dun gasoducto da rede básica ou de transporte secundario.

Artigo 60. *Funcionamento do sistema.*

1. As actividades realizadas polos suxeitos a que se refire o artigo 58 desenvolveranse en réxime de libre competencia, conforme o disposto na presente lei e nas disposicións que a desenvolvan.

A regasificación, o almacenamento estratéxico, o transporte e a distribución teñen carácter de actividades reguladas; o seu réxime económico e de funcionamento axustarase ó previsto na presente lei.

2. A comercialización exercerase libremente nos termos previstos na presente lei e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que se pacten entre as partes.

3. Para os efectos da adquisición de gas, os consumidores clasifícanse en:

Consumidores cualificados, entendendo por tales aqueles con instalacións situadas nun mesmo lugar que teñan en cada momento o consumo previsto na disposición transitoria quinta. Estes consumidores adquiriránlle-lo gas ós comercializadores en condicións libremente pactadas ou directamente.

Terán en todo caso a condición de consumidores cualificados os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica para o consumo destas cando entren en competencia de acordo coa Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Consumidores non cualificados, que lles adquiriran o gas ós distribuidores en réxime de tarifas.

Para atenderlos consumos a tarifa que se realicen no ámbito da súa rede, os distribuidores adquiriranlles gas ós transportistas.

4. Garántese o acceso de terceiros ás instalacións da rede básica e ás instalacións de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas establecidas na presente lei. O prezo polo uso destas instalacións virá determinado pola peaxe aprobada polo Goberno.

5. Salvo pacto expreso en contrario, a transmisión da propiedade do gas entenderase producida no momento en que este teña entrada nas instalacións do comprador.

No caso dos comercializadores, a transmisión da propiedade do gas entenderase producida, agás pacto en contrario, cando teña entrada nas instalacións do seu cliente.

6. As actividades para a subministración de gas natural que se desenvolvan nos territorios insulares e extrapeninsulares serán obxecto dunha regulación regulamentaria singular, logo de acordo coas comunidades e cidades autónomas afectadas, e atenderá ás especificidades derivadas da súa situación territorial.

Artigo 61. *Adquisicións de gas.*

1. Poderán adquirir gas natural para o seu consumo en España:

Os transportistas para a súa venda a outros transportistas, así como ós distribuidores que estivesen conectados ás súas redes para atender subministracións a tarifa a consumidores non cualificados.

Os comercializadores para a súa venda ós consumidores cualificados ou a outros comercializadores.

Os consumidores cualificados.

2. Os suxeitos autorizados para adquirir gas natural terán dereito de acceso ás instalacións de regasificación, almacenamento, transporte e distribución nos termos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 62. *Contabilidade e información.*

1. As entidades que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades a que se refire o artigo 58 da presente lei, levarán a súa contabilidade de acordo co capítulo VII da Lei de sociedades anónimas, mesmo cando non tivesen tal carácter.

O Goberno regulará as adaptacións que fosen necesarias para o suposto de que o titular da actividade non sexa unha sociedade anónima.

2. As entidades deberán explicar na memoria das contas anuais os criterios aplicados no reparto de custos respecto ás outras entidades do grupo que realicen actividades gasistas diferentes.

Estes criterios deberanse manter e non se modificarán, agás circunstancias excepcionais. As modificacións e a súa xustificación deberán ser explicadas na memoria anual do correspondente exercicio.

3. As entidades que actúen no sistema gasista deberánlle proporcionar á Administración a información que lles sexa requirida, en especial en relación cos contratos de abastecemento e subministración de gas que subscribisen e cos seus estados financeiros, debendo estes últimos estar verificados mediante auditorías externas á propia empresa.

Cando estas entidades formen parte dun grupo empresarial, a obriga de información estenderase, así mesmo, á sociedade que exerza o control da que realiza

actividades gasistas sempre que actúe nalgún sector enerxético, e a aquelas outras sociedades do grupo que leven a cabo operacións coa que realiza actividades no sistema gasista.

Tamén lle deberán proporcionar á Administración competente todo tipo de información sobre as súas actividades, investimentos, calidade de subministración, medido segundo os estándares indicados pola Administración, mercados servidos e previstos co máximo detalle, prezos soportados e repercutidos, así como calquera outra información que a Administración competente crea oportuna para o exercicio das súas funcións.

4. As entidades proporcionarán no seu informe anual información sobre as actividades realizadas en materia de aforro e eficiencia enerxética e de protección do ambiente.

Artigo 63. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades reguladas a que se refire o artigo 60.1 da presente lei deben ter como obxecto social exclusivo o desenvolvemento delas, sen que poidan, por tanto, realizar actividades de comercialización.

2. As sociedades dedicadas á comercialización de gas natural deberán ter como único obxecto social no sector gasista a dita actividade, e non poderán realizar actividades de regasificación, almacenamento, transporte ou distribución.

3. Nun grupo de sociedades poderanse desenvolver actividades incompatibles conforme os puntos anteriores, sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes. Para ese efecto, o obxecto social dunha entidade poderá comprender tales actividades sempre que se prevea que unha soa actividade sexa exercida de forma directa e as demais mediante a titularidade de accións ou participacións noutras sociedades.

4. As empresas de gas natural que exerzan máis dunha das actividades relacionadas no artigo 60.1 da presente lei levarán na súa contabilidade interna contas separadas para cada unha delas, tal e como se lles esixiría se tales actividades fosen realizadas por empresas distintas, co fin de evitar discriminacións, subvencións entre actividades distintas e distorsións da competencia.

Os transportistas deberán, así mesmo, levar contas separadas das súas operacións de compra e venda de gas e os distribuidores, da súa actividade de comercialización a tarifa.

5. Aquelas sociedades mercantís que desenvolvan actividades reguladas poderán tomar participacións en sociedades que leven a cabo actividades noutros sectores económicos distintos do sector de gas natural, logo de obtención da autorización a que se refire a disposición adicional undécima, terceiro 1, décimo terceira desta lei. En todo caso, as sociedades a que se refire o presente artigo deberán levar contabilidades separadas de todas aquelas actividades que realicen fóra do sector do gas natural e daquelas de calquera natureza que realicen no exterior.

CAPÍTULO III

Xestión técnica do sistema de gas natural

Artigo 64. *Normas de xestión técnica do sistema.*

1. O Ministerio de Industria e Enerxía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía e do Comité de Seguimento do Sistema Gasista, aprobará a normativa de xestión técnica do sistema que terá por obxecto propiciar o correcto funcionamento técnico do sistema gasis-

ta e garanti-la continuidade, calidade e seguridade da subministración de gas natural, coordinando a actividade de tódolos transportistas.

2. A normativa de xestión técnica do sistema a que se refire o punto anterior regulará, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Os mecanismos para garanti-lo necesario nivel de abastecemento de gas natural do sistema a curto e medio prazo e o mantemento das existencias mínimas de seguridade.

b) Os procedementos de coordinación que garantan a correcta explotación e mantemento das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte, de acordo cos criterios de fiabilidade e seguridade necesarios, recollendo especificamente a previsión de plans de actuación para a reposición do servizo en caso de fallos xerais na subministración de gas natural.

c) Os procedementos de control das entradas e saídas de gas natural cara ó ou desde o sistema gasista nacional.

d) O procedemento de cálculo do balance diario de cada suxeito autorizado a introducir gas natural no sistema.

e) O procedemento de xestión e uso das interconexións internacionais.

f) O procedemento sobre as medidas que se adoptarán no caso de situacións de emerxencia e desabastecemento.

3. Os transportistas, e en especial os titulares dos subsistemas de transporte, proporán as normas de xestión técnica do sistema a que se refire o número 1 deste artigo, e aplicaranas respectando, en todo caso, os principios de obxectividade, transparencia e non-discriminación.

Artigo 65. *Comité de Seguimento do Sistema Gasista.*

Para velar pola transparencia das variables básicas do sistema, créase un Comité de Seguimento do Sistema Gasista, do que formarán parte os transportistas, os distribuidores, os comercializadores e os consumidores.

A organización, composición e funcións do citado Comité de Seguimento do Sistema Gasista establecerase regulamentariamente.

CAPÍTULO IV

Regasificación, transporte e almacenamento de gas natural

Artigo 66. *A rede de transporte secundario de combustibles gasosos.*

1. A rede de transporte secundario de gas natural está constituída polos gasoductos de presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bares, as estacións de compresión as estacións de regulación e medida.

Así mesmo, considéranse elementos constitutivos da rede de transporte todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, necesarios para o adecuado funcionamento das instalacións específicas da rede de transporte antes definida.

2. Os transportistas serán responsables do desenvolvemento e ampliación da rede de transporte definida neste artigo, de tal maneira que garanta o mantemento e mellora dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos e coherentes.

3. Estableceranse cantas normas técnicas sexan precisas para garanti-la fiabilidade da subministración de gas e das instalacións da rede de transporte e das conectadas a ela. Estas normas tenderán a garanti-la protección e seguridade das persoas e dos seus bens, a calidade e fiabilidade no seu funcionamento, a unificación das condicións dos subministracións, a prestación dun bo servizo e serán obxectivas e non discriminatorias.

Artigo 67. *Autorizacións administrativas.*

1. Requiren autorización administrativa previa, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a construción, explotación, modificación e cerramento das instalacións da rede básica e redes de transporte indicadas no artigo 59, sen prexuízo do réxime xurídico aplicable ós almacenamentos subterráneos de acordo co título II da presente lei.

A transmisión destas instalacións deberalle ser comunicada á autoridade concedente da autorización orixinal.

A autorización administrativa de cerramento dunha instalación poderalle impoñer ó seu titular a obriga de proceder ó seu desmantelamento.

As autorizacións de construción e explotación dos gasoductos de transporte obxecto de planificación obrigatoria, de acordo co artigo 4 da presente lei, deberán ser outorgadas mediante un procedemento que asegure a concorrencia, promovido e resolto pola autoridade competente.

2. Os solicitantes de autorizacións para instalacións de gas relacionadas no número 1 deste artigo deberán acreditar suficientemente os seguintes requisitos:

a) As condicións técnicas e de seguridade das instalacións propostas.

b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.

c) A adecuación da localización da instalación ó réxime de ordenación do territorio.

d) A súa capacidade legal, técnica e económico-financieira para a realización do proxecto.

Os solicitantes deberán revesti-la forma de sociedade mercantil de nacionalidade española ou, se é o caso, doutro Estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.

3. As autorizacións a que se refire o número 1 deste artigo serán outorgadas pola Administración competente, sen prexuízo das concesións e autorizacións sobre protección do dominio público que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, a correspondente lexislación sectorial e en especial as relativas á ordenación do territorio, ó urbanismo e ó ambiente.

O procedemento e outorgamento da autorización incluírá o trámite de información pública.

Outorgada autorización e para os efectos de garanti-lo cumprimento das súas obrigas, o titular deberá constituír unha garantía arredor dun 2 por 100 do orzamento das instalacións.

A autorización en ningún caso se entenderá concedida en réxime de monopolio nin concederá dereitos exclusivos.

A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización a que se refire o presente artigo terá efectos desestimatorios. En todo caso, poderase interpoñer recurso ordinario ante a autoridade administrativa correspondente.

4. As autorizacións de instalación de transporte conterán tódolos requisitos que deban ser observados na súa construción e explotación.

Cando as instalacións autorizadas teñan que se conectar a instalacións xa existentes de distinto titular, este deberá permiti-la conexión nas condicións que regulamentariamente se establezan.

5. O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos orzamento que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación.

A Administración competente denegará a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos legalmente ou a empresa non garanta a capacidade legal, técnica e económica necesarias para acomete-la actividade proposta.

Artigo 68. Obrigas dos titulares de autorizacións para a regasificación, transporte e almacenamento de gas natural.

Os titulares de autorizacións administrativas para a regasificación de gas natural licuado e para o transporte e almacenamento de gas natural terán as seguintes obrigas:

a) Realiza-las súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de forma regular e continua, cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo, se é o caso, as instrucións impartidas pola Administración competente.

b) Realiza-las adquisicións de gas natural necesarias para atende-las peticións de subministración doutros transportistas, así como dos distribuidores conectados ás súas redes.

c) Facilita-lo uso das súas instalacións para os movementos de gas resultantes do disposto na presente lei, e admiti-la utilización de tódalas instalacións por tódolos suxeitos autorizados, en condicións non discriminatorias, de acordo coas normas técnicas.

d) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Instalacións de Transportistas de Gas.

e) Subscribi-los contratos de regasificación, almacenamento e transporte con quen teña dereito de acceso ás súas instalacións.

f) Proporcionarlle a calquera outra empresa que realice actividades de almacenamento, transporte e distribución, suficiente información para garantir que o transporte e almacenamento de gas se poida producir de maneira compatible co funcionamento seguro e eficaz da rede interconectada.

g) Proporciona-la información co detalle e frecuencia coa que sexa requirida por parte da Administración competente e comunicarlle ó Ministerio de Industria e Enerxía os contratos de acceso ás súas instalacións que subscriban. Así mesmo, deberanlles comunicar ás administracións autonómicas os contratos de acceso ás súas instalacións cando estas instalacións estean situadas total ou parcialmente nesa comunidade autónoma e o contratante deses servizos sexa un consumidor cualificado, un comercializador ou un transportista con instalacións nesa comunidade autónoma.

Artigo 69. Dereitos dos titulares de instalacións de regasificación, transporte e almacenamento de gas natural.

Os titulares de instalacións de regasificación, transporte e almacenamento terán dereito ó recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio das súas actividades dentro do sistema gasista nos termos establecidos no capítulo VII deste título da presente lei.

Así mesmo, poderán esixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan usadas en forma adecuada.

Artigo 70. Acceso ás redes de transporte.

1. Os titulares das instalacións deberanlles permiti-la súa utilización ós consumidores cualificados, ós comercializadores e ós transportistas que cumpran as condicións esixidas, mediante a contratación separada ou conxunta dos servizos de transporte, regasificación e almacenamento, sobre a base de principios de non-discriminación, transparencia e obxectividade. O prezo polo uso das redes de transporte estará determinado polas peaxes regulamentariamente aprobadas.

2. Regulamentariamente, regularanse as condicións de acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como as dos consumidores cualificados, comercializadores e transportistas. Así mesmo, defínase o contido mínimo dos contratos.

3. Poderase denega-lo acceso á rede en caso de capacidade insuficiente ou cando o acceso á rede impeda cumpri-las obrigas de subministración que se impuxesen ou debido a dificultades económicas e financeiras graves que se puidesen derivar da execución dos contratos de compra obrigatoria, nas condicións e co procedemento que regulamentariamente se estableza seguindo os criterios da lexislación uniforme comunitaria que se dispoñan.

4. Poderá, así mesmo, logo de conformidade da Comisión Nacional da Enerxía, denegarse o acceso á rede, cando a empresa subministradora de gas, directamente ou por medio de acordos con outras empresas subministradoras, ou aquelas ás que calquera delas estea vinculada, radique nun país no que non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas ás que se lles require o acceso, iso sen prexuízo dos criterios que se vaian seguir respecto de empresas de estados membros da Unión Europea conforme a lexislación uniforme na materia que esta establece.

Artigo 71. Rexistro Administrativo de Instalacións de Transportistas de Gas.

Créase no Ministerio de Industria e Enerxía un Rexistro Administrativo de Instalacións de Transportistas de Gas, no cal terán que estar inscritas todas aquelas instalacións de transporte, almacenamento e regasificación que fosen autorizadas e as condicións das ditas autorizacións. Regulamentariamente, logo de informe das comunidades autónomas, establecerase a súa organización, así como o procedemento de inscrición e comunicación de datos ó Rexistro Administrativo de Instalacións de Transportistas de Gas.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestiona-los correspondentes rexistros territoriais nos que deberán estar inscritas tódalas instalacións localizadas no ámbito territorial daquelas.

CAPÍTULO V

Distribución de combustibles gasosos por canalización

Artigo 72. Regulación da distribución.

1. A distribución de combustibles gasosos rexerese pola presente lei, polas súas normas de desenvolvemento.

to e pola normativa que dicten as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. O Goberno establecerá, así mesmo, a normativa que se requira en materia de coordinación, funcionamento e retribución do sistema.

2. A ordenación da distribución terá por obxecto establecer e aplicar principios comúns que garantan a súa adecuada relación coas restantes actividades gasistas, determina-las condicións de tránsito de gas polas ditas redes, establece-la suficiente igualdade entre os que realizan a actividade en todo o territorio e a fixación de condicións comúns equiparables para tódolos usuarios.

Artigo 73. *Autorización de instalacións de distribución de gas natural.*

1. Considéranse instalacións de distribución de gas natural os gasoductos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir o gas ó consumidor partindo dun gasoducto da rede básica ou de transporte secundario, incluíndo as instalacións existentes entre a rede de transporte e os puntos de subministración.

2. Estarán suxeitas a autorización administrativa previa, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a construción, modificación, explotación e cerramento das instalacións de distribución de gas natural con independencia do seu destino ou uso.

A transmisión destas instalacións deberalle ser comunicada á autoridade concedente da autorización orixinal.

A autorización administrativa de cerramento dunha instalación poderalle impoñer ó seu titular a obriga de proceder ó seu desmantelamento.

3. Os solicitantes de autorizacións para instalacións de gas relacionadas no punto anterior deberán acreditar suficientemente o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) As condicións técnicas e de seguridade das instalacións propostas.
- b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.
- c) A adecuación da localización da instalación ó réxime de ordenación do territorio.
- d) A súa capacidade legal, técnica e económico-financiera para a realización do proxecto.
- e) Os solicitantes deberán revestir-la forma de sociedade anónima de nacionalidade española ou, se é o caso, doutro Estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.

4. As autorizacións a que se refire o número 2 deste artigo serán outorgadas pola Administración competente, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, a correspondente lexislación sectorial, e en especial, as relativas á ordenación do territorio e ó ambiente.

O procedemento de autorización incluírá o trámite de información pública e a forma de resolución no suposto de concorrencia de dous ou máis solicitudes de autorización.

Outorgada a autorización e para os efectos de garantir o cumprimento das súas obrigas, o titular deberá constituír unha garantía arredor dun 2 por 100 do orzamento das instalacións.

A autorización en ningún caso se entenderá concedida en réxime de monopolio nin concederá dereitos exclusivos.

A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización a que se refire o presente artigo terá efectos desestimatorios. En todo caso, poderá interpoñerse recurso ordinario ante a autoridade administrativa correspondente.

5. As autorizacións de instalacións de distribución conterán tódolos requisitos que deban ser observados na súa construción e explotación, a delimitación da zona na que se debe presta-la subministración, os compromisos de expansión da rede na dita zona que debe asumir-la empresa solicitante e, se é o caso, o prazo para a execución das ditas instalacións e a súa caracterización.

Cando as instalacións autorizadas teñan que se conectar a instalacións xa existentes de distinto titular, este deberá permiti-la conexión nas condicións que regulamentariamente se establezan.

6. O incumprimento das condicións, requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos orzamentos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación.

A Administración competente denegará a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos legalmente ou a empresa non garanta a capacidade legal, técnica e económica necesarias para acomete-la actividade proposta.

7. As autorizacións de construción e explotación de instalacións de distribución poderán ser outorgadas mediante un procedemento que asegure a concorrencia, promovido e resolto pola Administración competente.

Artigo 74. *Obrigas dos distribuidores de gas natural.*

Serán obrigas dos distribuidores de gas natural:

a) Efectua-la subministración a tarifa a todo petionario del e ampliarlo a todo abonado que o solicite, sempre que exista capacidade para iso e sempre que o lugar onde se deba efectua-la entrega do gas se encontre comprendido dentro do ámbito xeográfico da autorización, subscribindo para o efecto a correspondente póliza de abono ou, se é o caso, contrato de subministración.

b) Realiza-las adquisicións de gas necesarias para realiza-la subministración.

c) Realiza-las súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, subministrándolles gas ós consumidores de forma regular e continua, seguindo as instrucións que dicte a Administración competente en relación co acceso de terceiros ás súas redes de distribución, cando este proceda, cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica.

d) Proceder á ampliación das instalacións de distribución, no ámbito xeográfico da súa autorización, cando así sexa necesario para atender novas demandas de subministración de gas, sen prexuízo do que resulte da aplicación do réxime que regulamentariamente se establece para as acometidas.

Cando existan varios distribuidores con instalacións susceptibles de ampliación para atender novas subministracións e ningún deles decidise acometela, a Administración competente determinará cáal destes distribuidores a deberá realizar, atendendo ás súas condicións.

e) Efectua-los contratos de acceso a terceiros á rede de gas natural nas condicións que se determinen regulamentariamente.

f) Proporcionarlles ás empresas de transporte, almacenamento e comercialización de gas natural información suficiente para garantir que o transporte de gas

se poida producir de forma compatible co funcionamento seguro e eficaz do sistema.

g) Comunicarlle á Administración competente que outorgase as autorizacións de instalacións, as modificacións relevantes da súa actividade para que esta lle remita a información ó Ministerio de Industria e Enerxía, para os efectos de determinación das tarifas e a fixación do seu réxime de retribución.

h) Comunicarlle á Administración competente para que esta lle remita ó Ministerio de Industria e Enerxía a información que se determine sobre prezos, consumos, facturación e condicións de venda aplicables ós consumidores, e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector gasista. Así mesmo, deberanlle comunicar a cada comunidade autónoma toda a información que lles sexa requirida por esta, relativa ó seu ámbito territorial.

i) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados de Combustibles Gasosos por Canalización a que se refire o presente título.

j) Realiza-las acometidas e o enganche de novos usuarios de acordo co que regulamentariamente se estableza.

k) Proceder á medición das subministracións na forma que regulamentariamente se determine, preservándose, en todo caso, a exactitude dela e a accesibilidade ós correspondentes aparellos facilitando o control das administracións competentes.

Artigo 75. Dereitos dos distribuidores.

1. Os distribuidores terán dereito a adquirir gas natural do transportista á rede do cal estean conectados ó prezo de cesión que será establecido conforme o disposto no capítulo VII do presente título para a subministración a clientes a tarifas autorizadas.

2. Igualmente, terán dereito a obter a remuneración que corresponda conforme o disposto no capítulo VII do presente título.

Artigo 76. Acceso ás redes de distribución de gas natural.

1. Os titulares das instalacións de distribución deberanlle permitirla súa utilización ós consumidores cualificados e ós comercializadores que cumpran as condicións esixidas, sobre a base de principios de non-discriminación, transparencia e obxectividade. O prezo polo uso de redes de distribución estará determinado polas peaxes administrativamente aprobadas.

2. O distribuidor só poderá denegar-lle acceso á rede en caso de que non dispoña da capacidade necesaria. A denegación deberá ser motivada. A falta de capacidade necesaria só se poderá xustificar por criterios de seguridade, regularidade ou calidade das subministracións, atendendo ás esixencias que para estes efectos se establezan regulamentariamente.

3. Regulamentariamente, regularanse as condicións do acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como dos consumidores cualificados, comercializadores e distribuidores. Así mesmo, defínense os criterios dos contratos.

Artigo 77. Distribución doutros combustibles gasosos.

1. Considéranse instalacións de distribución doutros combustibles gasosos as plantas de fabricación de gases combustibles a que fai referencia o artigo 56, as ins-

talacións de almacenamento de gases licuados do petróleo destinadas á subministración destes por canalización e os gasoductos necesarios, para a subministración desde as plantas ou almacenamentos anteriores ata os consumidores finais.

2. A autorización destas instalacións rexerese polo disposto no artigo 73, valorándose a conveniencia de deseñar e construí-las instalacións compatibles para a distribución de gas natural, e terán as obrigas e dereitos que se recollen nos artigos 74 e 75 da presente lei, coa excepción das obrigas relativas ó acceso de terceiros ás instalacións e o dereito a adquirir gas natural ó prezo de cesión.

3. As empresas titulares das instalacións que regula este artigo terán dereito a transformalas, cumprindo as condicións técnicas de seguridade que sexan de aplicación, para a súa utilización con gas natural, para o cal lle deberán solicitar a correspondente autorización á Administración concedente da autorización, someténdose en todo o disposto para as instalacións de distribución de gas natural.

Artigo 78. Liñas directas.

1. Enténdese por liña directa un gasoducto para gas natural complementario da rede interconectada, para subministración a un consumidor.

2. Os consumidores cualificados poderán construír liñas directas pero o seu uso quedará excluído do réxime retributivo que para as actividades de transporte e distribución se establecen na presente lei.

3. A construción de liñas directas queda excluída da aplicación das disposicións en materia de expropiación e servidumes establecidas na presente lei, someténdose ó ordenamento xurídico xeral.

A apertura a terceiros do uso da liña esixirá que esta quede integrada no sistema gasista conforme o que regulamentariamente se dispoña.

CAPÍTULO VI

Subministración de combustibles gasosos

Artigo 79. Subministración.

1. A subministración de combustibles gasosos será realizada polos distribuidores cando se trate de consumidores en réxime de tarifa, ou polos comercializadores no caso dos consumidores cualificados.

2. As subministracións ós consumidores en réxime de tarifa rexeranse por unha póliza de abono ou contrato aprobados mediante real decreto, que poderá ter en conta a situación daqueles que polo seu volume de consumo ou condicións de subministración requiran un tratamento contractual específico.

3. A subministración a consumidores regularase regulamentariamente atendendo, polo menos, ós seguintes aspectos:

a) As modalidades e condicións de subministración ós consumidores.

b) Os termos en que se fará efectiva a obriga de subministración, as causas e procedemento de denegación, suspensión ou privación dela.

c) O réxime de verificación e inspección das instalacións receptoras dos consumidores.

d) O procedemento de medición do consumo mediante a instalación de aparellos de medida e a verificación destes.

e) O procedemento e condicións de facturación e cobramento das subministracións e servizos efectuados.

Artigo 80. *Comercializadores de gas natural.*

Aquelas persoas xurídicas que queiran actuar como comercializadoras terán que contar con autorización administrativa previa, que terá carácter regrado e será outorgada pola Administración competente, atendendo ó cumprimento dos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os que se incluírán, en todo caso, a suficiente capacidade legal, técnica e económica do solicitante. A solicitude de autorización administrativa para actuar como comercializador especificará o ámbito territorial no cal se pretenda desenvolve-la actividade.

En ningún caso a autorización se entenderá concedida en réxime de monopolo, nin concederá dereitos exclusivos.

Artigo 81. *Obrigas dos comercializadores.*

Serán obrigas dos comercializadores as seguintes:

- a) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados, que para o efecto se establece na presente lei.
- b) Cumprir-las obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguridade e diversificación de subministracións establecidas no capítulo VIII.
- c) Realiza-lo desenvolvemento da súa actividade coordinadamente co transportista ou distribuidor.
- d) Garantir-la seguridade da subministración de gas natural ós seus clientes subscribindo contratos de regasificación de gas natural licuado de transporte e de almacenamento que sexan precisos.
- e) Remiti-la información periódica que se determine regulamentariamente á Administración competente para que cando proceda se lle comunique ó Ministerio de Industria e Enerxía. Así mesmo, remitirlles ás comunidades autónomas a información que especificamente lles sexa reclamada relativa ó seu ámbito territorial.

Artigo 82. *Dereitos dos comercializadores.*

Os comercializadores terán os seguintes dereitos:

- a) Realizar adquisicións de gas nos termos establecidos no capítulo II deste título.
- b) Vender gas natural ós consumidores cualificados e a outros comercializadores autorizados en condicións libremente pactadas.
- c) Acceder ás instalacións de terceiros nos termos establecidos neste título.

Artigo 83. *Obrigas e dereitos dos distribuidores e comercializadores en relación coa subministración.*

1. Serán obrigas dos distribuidores, en relación coa subministración de combustibles gasosos, as seguintes:

- a) Atender, en condicións de igualdade, as demandas de novas subministracións de gas nas zonas en que operen e formaliza-los contratos de subministración de acordo co establecido pola Administración.

Reglamentariamente, regularanse as condicións e o procedemento para o establecemento de conexións e o enganche de novos usuarios ás redes de distribución.

- b) Proceder á medición das subministracións na forma que regulamentariamente se determine, preservándose, en todo caso, a súa exactitude, e a accesibilidade ós correspondentes aparellos, facilitando o control das administracións competentes.

c) Aplicarlles ós consumidores a tarifa que lles corresponda.

- d) Informa-los consumidores na elección da tarifa máis conveniente para eles, e en cantas cuestións puidesen solicitar en relación coa subministración de gas.

e) Poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

f) Procurar un uso racional da enerxía.

g) Adquirir-lo gas necesario para o desenvolvemento das súas actividades.

h) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que, con carácter de urxencia, poidan presentarse nas redes de distribución e nas instalacións receptoras dos consumidores a tarifa.

i) Realiza-las probas previas á subministración que se definan regulamentariamente.

j) Realizar visitas de inspección ás instalacións receptoras existentes, coa periodicidade definida regulamentariamente.

2. Serán obrigas dos comercializadores en relación coa subministración:

a) Proceder directamente ou a través do correspondente distribuidor á medición das subministracións na forma que regulamentariamente se determine, preservándose, en todo caso, a súa exactitude e a accesibilidade ós correspondentes aparellos, facilitando o control das administracións competentes.

b) Poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

c) Procurar un uso racional da enerxía.

d) Adquirir-lo gas necesario para o desenvolvemento das súas actividades.

e) Facilitarlles ós seus clientes a información e o asesoramento que puidesen solicitar en relación coa subministración de gas.

f) Realiza-las probas previas á subministración que se definan regulamentariamente.

g) Realizar visitas de inspección ás instalacións receptoras existentes, coa periodicidade definida regulamentariamente.

3. Os distribuidores e comercializadores terán dereito a:

a) Esixir que as instalacións e aparellos receptores dos usuarios reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o bo uso delas e o cumprimento das condicións establecidas para que a subministración se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros usuarios.

b) Facturar e cobra-la subministración realizada.

c) Solicita-la verificación do bo funcionamento dos equipos de medición de subministracións.

4. Sen prexuízo da responsabilidade que se deriva das obrigas que corresponden ós distribuidores e comercializadores de conformidade co previsto no presente artigo, os titulares de instalacións receptoras de gas natural ou instalacións para consumo, serán responsables do seu correcto mantemento nas condicións técnicas e de seguridade que resulten esixibles.

5. Créase no Ministerio de Industria e Enerxía o Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados de combustibles gasosos por canalización. Regulamentariamente, logo de informe das comunidades autónomas, establecerase a súa organización, así como os procedementos de inscrición e comunicación de datos a este rexistro.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestiona-los correspondentes rexistros territoriais.

Artigo 84. *Programas de xestión da demanda.*

1. Os distribuidores e comercializadores, en coordinación cos diversos axentes que actúan sobre a deman-

da, poderán desenvolver programas de actuación que, mediante unha adecuada xestión da demanda de gas, melloren o servizo prestado ós usuarios e a eficiencia e aforro enerxéticos.

2. Sen prexuízo do anterior, as administracións públicas poderán adoptar medidas que incentiven a mellora do servizo ós usuarios e a eficiencia e o aforro enerxético, directamente ou a través de axentes económicos que teñan por obxecto o aforro e a introducción da maior eficiencia no uso final do gas natural.

Artigo 85. *Plans de aforro e eficiencia enerxética.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias territoriais, poderán, mediante plans de aforro e eficiencia enerxética, establecer as normas e principios básicos para potencia-las accións encamiñadas a conseguir que sexan óptimos os rendementos dos procesos de transformación da enerxía, inherentes a sistemas productivos ou de consumo.

Cando os ditos plans de aforro e eficiencia enerxética establezan accións incentivadas con fondos públicos, as citadas administracións poderanlles esixir ás persoas físicas ou xurídicas participantes a presentación dunha auditoría enerxética dos resultados obtidos.

Artigo 86. *Calidade da subministración de combustibles gasosos.*

1. A subministración de combustibles gasosos deberá ser realizada polas empresas titulares de autorizacións previstas na presente lei, de forma continuada cando así sexa contratada e coas características que regulamentariamente se determinen.

Para iso, as empresas de gas contarán co persoal e cos medios necesarios para garanti-la calidade do servizo esixida polas regulamentacións vixentes.

As empresas de gas e, en particular, os distribuidores e comercializadores promoverán a incorporación de tecnoloxías avanzadas na medición e para o control da calidade da subministración de combustibles gasosos.

2. Se a baixa calidade da distribución dunha zona é continua, ou púidese producir consecuencias graves para os usuarios, ou concorresen circunstancias especiais que poidan poñer en perigo a seguridade no servizo de gas, a Administración competente establecerá regulamentariamente as directrices de actuación, establecéndose a súa execución e posta en práctica, que deberán ser levadas a cabo polos distribuidores para restablece-la calidade do servizo.

3. Se se constatase que a calidade do servizo individual prestado pola empresa é inferior á esixible, aplícanse as reducións na facturación aboada polos usuarios, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido para o efecto.

Artigo 87. *Potestade inspectora.*

1. Os órganos da Administración competente disporán, de oficio ou por instancia de parte, a práctica de cantas inspeccións e verificacións se precisen para comproba-la regularidade e continuidade na prestación da subministración, así como para garanti-la seguridade das persoas e dos bens.

2. As inspeccións a que alude o parágrafo anterior coidarán, en todo momento, de que se manteñan as características dos combustibles gasosos subministrados dentro dos límites autorizados oficialmente.

Artigo 88. *Suspensión da subministración.*

1. A subministración de combustibles gasosos só poderá suspenderse cando conste a dita posibilidade no contrato de subministración, e que nunca poderá invocar problemas de orde técnica ou económica que o dificulten, ou por causa de forza maior ou situacións das que se poida derivar ameaza certa para a seguridade das persoas ou as cousas, salvo o disposto nos puntos seguintes.

No caso de subministración a consumidores cualificados aplicaranse as condicións de garantía de subministración ou suspensión que pactasen.

2. Poderá, non obstante, suspenderse temporalmente cando iso sexa imprescindible para o mantemento, a seguridade da subministración, a reparación de instalacións ou a mellora do servizo. En todos estes supostos, a suspensión requirirá autorización administrativa previa e comunicación ós usuarios na forma que regulamentariamente se determine.

3. Nas condicións que regulamentariamente se determine poderá ser suspendida a subministración de combustibles gasosos por canalización ós consumidores privados suxeitos a tarifa cando transcorresen dous meses desde que se lles requirise fidedignamente o pagamento, sen que este se fíxese efectivo. Para estes efectos o requirimento realizarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, a identidade e o contido del.

No caso das administracións públicas, transcorridos dous meses desde que lles requirise fidedignamente o pagamento sen que este se efectuase, comezarán a devengarse xuros que serán equivalentes ó xuro legal do diñeiro incrementado en 1,5 puntos. Se transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento o pagamento non se fíxese efectivo, poderá interromperse a subministración.

En ningún caso poderá ser suspendida a subministración de combustibles gasosos por canalización a aquelas instalacións os servizos das cales fosen declarados como esenciais. Regulamentariamente, estableceranse os criterios para determinar qué servizos deben ser entendidos como esenciais. Emporiso, as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán afectarlos pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministracións vinculadas a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ó aboamento das facturas correspondentes ós ditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, lles atribuíse a estes pagamentos.

4. Unha vez que o consumidor ó que se lle suspendeu a subministración realice o pagamento do que debe, aquela seralle reposta de inmediato.

Artigo 89. *Normas técnicas e de seguridade das instalacións.*

1. As instalacións de produción, regasificación, almacenamento, transporte e distribución de combustibles gasosos, as instalacións receptoras dos usuarios, os equipos de consumo, así como os elementos técnicos e materiais para as instalacións de combustibles gasosos deberán axustarse ás correspondentes normas técnicas de seguridade e calidade industriais, de conformidade co previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, sen prexuízo do previsto na normativa autonómica correspondente.

2. As regulamentacións técnicas na materia terán por obxecto:

a) Protexe-las persoas e maila integridade e funcionalidade dos bens que poidan resultar afectados polas instalacións.

b) Consegui-la necesaria regularidade nas subministracións.

c) Establecer regras de normalización para facilita-la inspección das instalacións, impedir unha excesiva diversificación do material e unifica-las condicións da subministración.

d) Obte-la maior racionalidade e aproveitamento económico das instalacións.

e) Incrementa-la fiabilidade das instalacións e a mellora da calidade das subministracións de gas.

f) Protexe-lo ambiente e mailos dereitos e intereses de consumidores e usuarios.

g) Consegui-los niveis adecuados de eficiencia no uso do gas.

3. Sen prexuízo das restantes autorizacións reguladas no presente título e para os efectos previstos neste artigo, a construción, ampliación ou modificación de instalacións de gas requirirá a correspondente autorización administrativa nos termos que regulamentariamente se dispoña.

As ampliacións das redes de distribución, dentro de cada zona autorizada, poderán ser obxecto dunha autorización conxunta para tódalas proxectadas no ano.

Artigo 90. *Cobertura de riscos.*

O Goberno, de acordo co previsto no artigo 30 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, adoptará as medidas e iniciativas necesarias para que se estableza a obrigatoriedade da cobertura dos riscos que, para as persoas e bens, poidan derivarse do exercicio das actividades reguladas no presente título.

CAPÍTULO VII

Réxime económico

Artigo 91. *Réxime das actividades reguladas na lei.*

1. As actividades destinadas á subministración de combustibles gasosos serán retribuídas economicamente na forma disposta na presente lei con cargo ás tarifas, ás peaxes e ós canons que determine o Goberno e ós prezos aboados polos clientes cualificados, se é o caso.

2. Regulamentariamente, establecerase o réxime económico dos dereitos por acometidas, aluguer de contadores e outros custos necesarios vinculados ás instalacións. Os dereitos que se pagarán polas conexións serán únicos para todo o territorio do Estado en función do caudal máximo que se solicite e da situación da subministración. Os ingresos por este concepto consideraranse, para tódolos efectos, retribución da actividade de distribución.

3. As comunidades autónomas, respecto dos distribuidores que desenvolvan a súa actividade no seu ámbito territorial, establecerán o réxime económico dos dereitos de alta, así como os demais custos derivados de servizos necesarios para atende-los requirimentos de subministracións dos usuarios.

Artigo 92. *Criterios para determinación de tarifas, peaxes e canons.*

1. As tarifas, as peaxes e os canons deberán establecerse de forma que a súa determinación responda no seu conxunto ós seguintes criterios:

a) Asegura-la recuperación dos investimentos realizados polos titulares no seu período de vida útil.

b) Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos.

c) Determina-lo sistema de retribución dos custos de explotación de forma que se incentive unha xestión eficaz e unha mellora da produtividade que deberá repercutirse en parte ós usuarios e consumidores.

d) Non producir distorsións entre o sistema de subministracións en réxime de tarifas e o excluído del.

2. O sistema para a determinación das tarifas, peaxes e canons fixarase para períodos de catro anos; no último ano de vixencia procederase a unha revisión e adecuación, se é o caso, á situación prevista para o próximo período.

3. As empresas que realicen as actividades reguladas no presente título facilitaranlle ó Ministerio de Industria e Enerxía canta información sexa necesaria para a determinación das tarifas, peaxes e canons. Esta información estará tamén á disposición das comunidades autónomas que o soliciten, no relativo ó seu ámbito territorial.

Artigo 93. *Tarifas de combustibles gasosos.*

O ministro de Industria e Enerxía mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dictará as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda do gas natural, gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización para os consumidores finais, así como os prezos de cesión de gas natural para os distribuidores, establecendo os valores concretos das ditas tarifas e prezos ou un sistema de determinación e actualización automática delas. As tarifas de venda ós usuarios terán o carácter de máximas e serán únicas para todo o territorio nacional, sen prexuízo das súas especialidades.

Artigo 94. *Peaxes e canons.*

1. O ministro de Industria e Enerxía mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dictará as disposicións necesarias para o establecemento das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso por terceiros, establecendo os valores concretos das ditas peaxes ou un sistema de determinación e actualización automática deles. As citadas peaxes e canons dos servizos básicos de acceso por terceiros terán o carácter de máximos.

2. As peaxes e os canons correspondentes ó uso das plantas de regasificación, almacenamento e redes de transporte serán únicos, sen prexuízo das súas especialidades por niveis de presión e uso que se faga da rede.

3. As peaxes correspondentes ó uso das redes de distribución serán únicas e determinaranse atendendo ós niveis de presión e ás características dos consumos.

4. As empresas transportistas e distribuidoras deberánlle comunicar ó Ministerio de Industria e Enerxía as peaxes que efectivamente apliquen. Esta información estará tamén á disposición das comunidades autónomas que o soliciten no relativo ó seu ámbito territorial.

As diferencias entre as peaxes máximas aprobadas e as que, se é o caso, apliquen os transportistas e distribuidores por debaixo delas serán soportadas por estes.

5. O procedemento de imputación das perdas de gas natural en que se incorra no seu transporte e distribución determinarase regulamentariamente tendo en conta niveis de presión e formas de consumo.

Artigo 95. *Impostos e tributos.*

1. As tarifas e peaxes aprobadas pola Administración para cada categoría de consumo non incluírán o imposto sobre o valor engadido.

En caso de que as actividades de gas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, a cota dos cales se obtivese mediante regras non uniformes para o conxunto do territorio nacional, ó prezo do gas resultante, ou á tarifa, poderáselle incluír un suplemento territorial, que poderá ser diferente en cada comunidade autónoma.

2. Co fin de que exista a maior transparencia nos prezos da subministración de gas, detallaranse na facturación ó usuario, na forma que regulamentariamente se determine, polo menos os importes correspondentes á tarifa e os tributos que graven o consumo de gas, así como os suplementos territoriais cando correspondan.

Artigo 96. *Cobramento e liquidación das tarifas e prezos.*

As tarifas de combustibles gasosos serán cobradas polas empresas que realicen as actividades de distribución de gas mediante a súa venda ós consumidores. Ás cantidades ingresadas deberanlles da-la aplicación que proceda de acordo co previsto nesta lei.

Reglamentariamente establecerase o procedemento de pagamento que deberán segui-los consumidores cualificados polas súas adquisicións de gas natural. En todo caso, os consumidores cualificados deberán aboar, ademais, os custos derivados das actividades necesarias para a subministración de combustibles gasosos e os custos da diversificación e seguridade de abastecemento, se é o caso, na proporción que lles corresponda.

Artigo 97. *Liberalización de prezos.*

1. Cando a situación do mercado o faga recomendable, o Goberno poderá acorda-la liberalización, total ou parcial, das tarifas, peaxes e canons regulados no presente capítulo.

2. Excepcionalmente, o Goberno poderá establecer prezos máximos de gas aplicables polos comercializadores ás vendas realizadas ós consumidores cualificados, cando a falta de desenvolvemento do mercado de gas ou situacións de dominio de mercado o fagan aconsellable.

CAPÍTULO VIII**Seguridade de subministración****Artigo 98. *Seguridade de subministración.***

1. Os transportistas que incorporen gas ó sistema estarán obrigados a manter unhas existencias mínimas de seguridade equivalentes a trinta e cinco días das súas vendas firmes a distribuidores para a subministración a clientes en réxime de tarifas.

Os comercializadores de gas natural deberán manter unhas existencias mínimas de seguridade equivalentes a trinta e cinco días das súas vendas firmes.

Os consumidores cualificados que fagan uso do dereito de acceso e non se fornezan dun comercializador autorizado, deberán manter unhas existencias mínimas de seguridade correspondentes a trinta e cinco días dos seus consumos firmes.

2. Esta obriga poderá ser cumprida polo suxeito obrigado con gas da súa propiedade ou arrendando e

contratando, se é o caso, os correspondentes servicios de almacenamento. O Ministerio de Industria e Enerxía poderá, en función das dispoñibilidades do sistema, incrementa-lo número de días de almacenamento estratéxico ata un máximo equivalente a sesenta días de vendas en firme.

Artigo 99. *Diversificación dos abastecementos.*

1. Os transportistas que incorporen gas ó sistema e os comercializadores deberán diversifica-los seus aprovisionamentos cando na suma de todos eles a proporción dos provenientes dun mesmo país sexa superior ó 60 por 100.

O Ministerio de Industria e Enerxía desenvolverá regulamentariamente as condicións para o cumprimento desta obriga atendendo á situación do mercado e poderá modifica-la porcentaxe a que se refire o parágrafo anterior, á alza ou á baixa, en función da evolución dos mercados internacionais de gas natural.

2. Nos termos que regulamentariamente se determinen, o Ministerio de Industria e Enerxía poderá esixir obrigas de diversificación de aprovisionamento similares ás establecidas no punto anterior ós consumidores cualificados pola parte do seu consumo non adquirida a comercializadores cando, polo seu volume e orixe, poidan incidir negativamente no balance de abastecementos ó mercado nacional.

3. Estará eximido da obriga de diversificación o abastecemento do gas adquirido para atende-lo consumo de instalacións que contén con subministracións alternativas garantidas doutro combustible.

Artigo 100. *Control pola Administración.*

A Administración competente poderá inspecciona-lo cumprimento dos requisitos e condicións de seguridade e diversificación establecidos nos artigos anteriores, solicitando, se é o caso, canta información sexa necesaria.

Artigo 101. *Situacións de emerxencia.*

1. O Goberno establecerá para situacións de emerxencia as condicións en que se poderá facer uso das reservas estratéxicas de gas natural a que se refire o presente título, polos obrigados ó seu mantemento.

2. O Goberno, en situacións de escaseza de subministración ou naquelas en que poida estar ameazada a seguridade de persoas, aparellos ou instalacións ou a integridade da rede, poderá adoptar, no ámbito, coa duración e coas excepcións que se determinen, entre outras, algunha ou algunhas das seguintes medidas:

- a) Limitar ou modificar temporalmente o mercado do gas.
- b) Establecer obrigas especiais en materia de existencias mínimas de seguridade de gas natural.
- c) Suspender ou modificar temporalmente os dereitos de acceso.
- d) Modifica-las condicións xerais de regularidade na subministración con carácter xeral ou referido a determinadas categorías de consumidores.
- e) Someter a autorización administrativa as vendas de gas natural para o seu consumo no exterior.
- f) Outras medidas que poidan ser recomendadas polos organismos internacionais, dos que España sexa parte ou que se determinen en aplicación daqueles convenios en que se participe.

En relación con tales medidas determinarase, así mesmo, o réxime retributivo aplicable a aquelas actividades que se visen afectadas polas medidas adoptadas garantindo, en todo caso, un reparto equilibrado dos custos.

Artigo 102. Ocupación do dominio público, patrimonial e das zonas de servidume pública.

1. Os titulares de concesións, permisos ou autorizacións, ós que se refire o artigo 103.2 da presente lei e nos mesmos casos cós alí recollidos, terán dereito á ocupación do dominio público, patrimonial e das zonas de servidume pública.

2. A autorización de ocupación concreta do dominio público, patrimonial e das zonas de servidume pública será acordada polo órgano competente da Administración pública titular daqueles bens ou dereitos.

As condicións e requisitos que establezan as administracións titulares dos bens e dereitos para a ocupación daquel deberán ser, en todo caso, transparentes e non discriminatorios.

3. Sen prexuízo da aplicación do sinalado nos puntos anteriores, nas autorizacións de ocupación de bens ou dereitos de titularidade local será de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

TÍTULO V

Dereitos de ocupación do dominio público, expropiación forzosa, servidumes e limitacións á propiedade

Artigo 103. Declaración de utilidade pública.

1. Decláranse de utilidade pública para os efectos de expropiación forzosa e exercicio da servidume de paso as seguintes instalacións:

a) As instalacións e servicios necesarios para o desenvolvemento das actividades de investigación e explotación a que se refire o título II.

b) As instalacións de refinación, tanto de nova construción como as ampliacións das existentes, as instalacións de transporte por oleoducto e de almacenamento de produtos petrolíferos, así como a construción doutros medios fixos de transporte de hidrocarburos líquidos e as súas instalacións de almacenamento.

c) As instalacións a que se refire o título IV desta lei.

2. Os titulares de concesións, permisos ou autorizacións para o desenvolvemento das citadas actividades ou para a construción, modificación ou ampliación de instalacións necesarias para elas gozarán do beneficio de expropiación forzosa e ocupación temporal de bens e dereitos que esixan as instalacións e servicios necesarios, así como a servidume de paso e limitacións de dominio, nos casos en que sexa preciso para vías de acceso, liñas de conducción e distribución dos hidrocarburos, incluíndo as necesarias para atender á vixilancia, conservación e reparación das instalacións.

Artigo 104. Solicitude de recoñecemento de utilidade pública.

1. Para o recoñecemento da utilidade pública das instalacións a que se refire o artigo anterior, será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación ou ocupación.

2. A petición someterase a información pública e recadarase informe dos órganos afectados.

3. Concluída a tramitación, o recoñecemento da utilidade pública será acordado polo Ministerio de Industria

e Enerxía, se a autorización da instalación corresponde ó Estado, sen prexuízo da competencia do Consello de Ministros en caso de oposición de órganos ou outras entidades de dereito público, ou polo organismo competente das comunidades autónomas nos demais casos.

Artigo 105. Efectos da declaración de utilidade pública.

A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Artigo 106. Dereito supletorio.

No relativo á materia regulada neste título será de aplicación supletoria o disposto na lexislación xeral sobre expropiación forzosa e no Código civil cando proceda.

Artigo 107. Servidumes e autorizacións de paso.

1. As servidumes e autorizacións de paso que conforme o disposto no presente capítulo se establezan gravarán os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na presente lei e rexeranse polo disposto nela, nas súas disposicións de desenvolvemento e na normativa a que se refire o artigo anterior.

2. As servidumes e autorizacións de paso abranquerán, cando proceda, a ocupación do subsolo por instalacións e canalizacións á profundidade e coas demais características que sinalen regulamentos e ordenanzas municipais.

3. As servidumes e autorizacións comprenderán igualmente o dereito de paso e acceso, e a ocupación temporal do terreo ou outros bens necesarios para atender á vixilancia, conservación e reparación das instalacións e conductiones.

4. As condicións e limitacións que deberán impoñerse en cada caso por razóns de seguridade aplicaranse de acordo cos regulamentos e coas normas técnicas que para os efectos se dicten.

TÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 108. Infraccións.

1. Son infraccións administrativas as accións e omisións que se tipifican nos artigos seguintes.

2. As infraccións administrativas establecidas nesta lei entenderanse sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde en que poidan incorrer os titulares das empresas que desenvolven as actividades a que se refiren.

Artigo 109. Infraccións moi graves.

1. Son infraccións moi graves:

a) A realización de actividades reguladas na presente lei ou a construción, ampliación, explotación ou modificación de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión, autorización administrativa ou inscrición no rexistro correspondente cando proceda ou o incumprimento de prescricións e condicións delas cando se poñan en perigo manifesto as personas ou os bens.

b) A utilización de instrumentos, aparellos ou elementos suxeitos a seguridade industrial sen cumprilas normas e as obrigas técnicas que por razóns de segu-

ridade deban reuni-los aparellos e instalacións afectos ás actividades obxecto da presente lei cando comporten perigo ou dano grave para persoas, para os bens ou para o ambiente.

c) A negativa a subministrar gases por canalización a consumidores en réxime de tarifa conforme o título IV.

d) A negativa a admitir inspeccións ou verificacións regulamentarias acordadas en cada caso pola Administración competente ou a obstrución á súa práctica.

e) A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes dos regulados na presente lei.

f) Calquera manipulación fraudulenta tendente a altera-lo prezo ou a calidade dos produtos petrolíferos ou dos gases combustibles ou a medición das cantidades subministradas.

g) O incumprimento por parte dos operadores por xunto de produtos petrolíferos das obrigas que se deducen do establecido no punto 3 do artigo 43.

h) A realización de actividades incompatibles de acordo co disposto na presente lei.

i) A denegación ou alteración inxustificadas do acceso de terceiros a instalacións nos supostos que a presente lei regula.

j) O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente cando resulte prexuízo para o funcionamento do sistema.

k) O incumprimento da normativa sobre existencias mínimas de seguridade establecida nos títulos III e IV e o incumprimento da normativa sobre diversificación de subministracións establecida no título IV cando supoñan unha alteración significativa dos citados réximes de existencias ou diversificación, considerados tales incumprimentos en períodos mensuais.

l) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas polo Goberno en aplicación do previsto na presente lei sobre situacións de escaseza de subministración nos títulos III e IV polos que realizan actividades reguladas na presente lei e teñan incidencia apreciable na citada subministración.

2. Igualmente, serán infraccións moi graves as infraccións graves do artigo seguinte se durante os tres anos anteriores á súa comisión lle foi imposta ó infractor unha sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

Artigo 110. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) A realización de actividades reguladas na presente lei ou a construción, ampliación ou modificación de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión ou autorización administrativa ou o incumprimento de prescricións e condicións destas que non teñan a consideración de infracción moi grave conforme o artigo anterior.

b) A interrupción ou suspensión inxustificada da actividade que se veña realizando mediante concesión ou autorización administrativa.

c) A utilización de instrumentos, aparellos ou elementos suxeitos a seguridade industrial sen cumprilas normas e as obrigas técnicas que por razóns de seguridade deban reuni-los aparellos e instalacións afectos ás actividades obxecto da presente lei cando non teñan a consideración de infracción moi grave conforme o artigo anterior.

d) A negativa inxustificada a subministrar produtos petrolíferos ou gases combustibles ós consumidores e usuarios ós que non lles sexan de aplicación tarifas administrativamente aprobadas.

e) O incumprimento de cantas obrigas formais se lles impoñan ós que realicen actividades de subministración ó público de produtos petrolíferos ou gases com-

bustibles por canalización en garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios.

f) A comercialización de hidrocarburos líquidos baixo unha imaxe de marca que non se corresponda coa auténtica orixe e identidade destes.

g) O incumprimento da normativa sobre existencias mínimas de seguridade establecida nos títulos III e IV e o incumprimento da normativa sobre diversificación de subministracións establecida no título IV cando non constituía infracción moi grave conforme o artigo anterior, considerados tales incumprimentos en períodos mensuais.

h) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas polo Goberno en aplicación do previsto na presente lei sobre situacións de escaseza de subministración nos títulos III e IV polos que realizan actividades reguladas na presente lei e non teñan incidencia apreciable na citada subministración.

i) O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente cando non resulte prexuízo para o funcionamento do sistema.

j) A negativa ocasional e illada a facilitarlle á Administración ou á Comisión Nacional de Enerxía a información que se reclame de acordo co previsto na presente lei.

k) Os incumprimentos reiterados nas obrigas de remisión de información e documentación.

Artigo 111. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia abrangidas na presente lei que non constituían infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos dous artigos anteriores.

Artigo 112. *Graduación de sancións.*

Para a determinación das correspondentes sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) O perigo resultante da infracción para a vida e a saúde das persoas, a seguridade das cousas e o ambiente.

b) A importancia do dano ou deterioración causados.

c) Os prexuízos producidos na continuidade e regularidade da subministración a usuarios.

d) O grao de participación e o beneficio obtido.

e) A intencionalidade ou reiteración na comisión da infracción.

f) A reiteración por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 113. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

a) As infraccións moi graves, con multa desde 100.000.001 ata 500.000.000 de pesetas.

b) As infraccións graves, con multa desde 10.000.001 ata 100.000.000 de pesetas.

c) As infraccións leves, con multa de ata 10.000.000 de pesetas.

2. Cando como consecuencia da infracción se obtéña un beneficio cuantificable, a multa poderá alcanzar ata o dobre do beneficio obtido.

3. A contía das sancións graduarase atendendo a criterios de proporcionalidade e ás circunstancias especificadas no artigo anterior.

4. A comisión dunha infracción moi grave poderá levar implícita a revogación ou suspensión da autorización administrativa e a consecuente inhabilitación temporal para o exercicio da actividade por un período máximo dun ano. A revogación ou suspensión das autorizacións será acordada, en todo caso, pola autoridade competente para outorgalas.

5. A aplicación das sancións previstas no presente artigo entenderase sen prexuízo doutras responsabilidades legalmente esixibles.

6. As sancións impostas por infraccións moi graves, unha vez firmes, serán publicadas na forma que se determine regulamentariamente.

Para tal efecto, a Administración actuante porá os feitos en coñecemento da competente.

Artigo 114. *Multas coercitivas.*

A autoridade competente, con independencia das sancións que correspondan, poderá impoñer multas coercitivas cando proseguirose a conducta infractora e no caso de non atenderlo requirimento de cesamento nela.

As multas imporanse por un importe que non superará o 20 por 100 da multa fixada para a infracción cometida.

Artigo 115. *Procedemento sancionador.*

O procedemento para a imposición de sancións axustarase ós principios dos artigos 127 a 138 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ó disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora ou norma autonómica correspondente, sen prexuízo de que regulamentariamente se establezan especialidades de procedemento para a imposición de sancións previstas nesta lei.

Artigo 116. *Competencias para impoñer sancións.*

1. A competencia para a imposición das sancións virá determinada pola competencia para autorizar a actividade no exercicio da cal se cometeu a infracción, ou pola competencia para autorizar as correspondentes instalacións.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado, as sancións moi graves serán impostas polo Consello de Ministros e as graves polo ministro de Industria e Enerxía. A imposición das sancións leves corresponde-lle ó director xeral da Enerxía.

3. No ámbito das comunidades autónomas aplicarase o previsto na súa propia normativa.

Artigo 117. *Prescripción.*

As infraccións moi graves previstas neste capítulo prescribirán ós tres anos da súa comisión; as graves, ós dous anos, e as leves, ós seis meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos; as impostas por faltas graves, ós dous anos e as impostas por faltas leves, ó ano.

Disposición adicional primeira. *Canon de superficie.*

Os titulares de permisos de investigación e de concesións de explotación regulados no título II estarán obrigados a paga-lo canon de superficie.

a) O canon esixirase por hectárea e ano de acordo coas seguintes escalas:

Escala primeira	Pesetas
<i>Permisos de investigación</i>	
1. Durante o período de vixencia do permiso .	10
2. Durante cada prórroga	20

Escala segunda	Pesetas
<i>Concesións de explotación</i>	
1. Durante os cinco primeiros anos	250
2. Durante os seguintes cinco anos	700
3. Durante os seguintes cinco anos	1.850
4. Durante os seguintes cinco anos	2.300
5. Durante os seguintes cinco anos	1.850
6. Durante os seguintes cinco anos	950
7. Durante as prórrogas	700

b) Os canons de superficie especificados anteriormente devengarase a prol do titular do dominio público, o día primeiro de xaneiro de cada ano natural, en canto a tódolos permisos ou concesións existentes nesa data, e deberán ser pagados durante o primeiro trimestre daquel.

c) Cando os permisos de investigación ou concesións de explotación se outorguen despois do primeiro de xaneiro, no ano do outorgamento aboarase como canon a parte das cotas anuais que proporcionalmente corresponda ó tempo que medie desde a data do outorgamento ata o final do ano natural. Nestes casos, o canon devengarase o día do outorgamento do permiso ou concesión e deberá ser pagado no prazo de noventa días, contados desde esta data.

d) A modificación dos canons de superficie efectuarase por real decreto conxunto dos Ministerios de Industria e Enerxía e de Economía e Facenda. A modificación efectuarase en función da evolución do mercado no sector da investigación e explotación de hidrocarburos.

Disposición adicional segunda. *Extinción das concesións do Monopolio de Petróleos.*

Quedan extinguidas definitivamente as concesións do Monopolio de Petróleos para a subministración de gasolinas e gasóleos de automoción mantidas ó abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei 34/1992, do 22 de decembro. As actividades obxecto das ditas concesións continuarase desenvolvendo na forma regulada no título III.

Disposición adicional terceira. *Axentes de aparellos subministradores de gasolina e xestores de estacións de servizo.*

1. Os antigos axentes de aparellos subministradores de gasolina e xestores de estacións de servizo a que

se refiren as disposicións adicionais segunda e terceira da Lei 34/1992, do 22 de decembro, para os que queda extinguida a relación de dereito público, poderán manterse na explotación do punto de venda, en réxime de subministración de dereito privado coa entidade que asuma a titularidade dominical da instalación e os dereitos de exclusiva de subministración.

2. Mentres non se formalice por escrito un acordo sobre as condicións da explotación do punto de venda e a subministración de produtos petrolíferos co titular dominical da instalación, seguirán aplicándose as condicións vixentes no momento da extinción da relación de dereito público.

3. En todo caso, os antigos axentes e xestores terán dereito a manterse na explotación polo prazo restante ó inicialmente concedido e percibirán unha comisión pola venda dos produtos por conta do titular da instalación nunha contía que non poderá ser inferior á establecida nas relacións entre o dito titular e os comisionistas que exploten como arrendatarios outras instalacións da súa propiedade.

4. O cónxuxe e os fillos poderán subrogarse na explotación nos casos e condicións previstos na normativa aplicable ás relacións transformadas.

Disposición adicional cuarta. Autorizacións concedidas ó abeiro da Lei 34/1992, do 22 de decembro.

As autorizacións concedidas en virtude do establecido na Lei 34/1992, do 22 de decembro, ou declaradas «ex lege» por ela manteranse e producirán plenos efectos sen necesidade de ratificación, no que non se opoñan ó disposto na presente lei.

Disposición adicional quinta. Instalacións petrolíferas para uso das Forzas Armadas.

As inspeccións e revisións das instalacións petrolíferas para uso das Forzas Armadas, que estean situadas dentro da zona e instalacións de interese para a defensa nacional, serán realizadas polos órganos correspondentes das Forzas Armadas.

Disposición adicional sexta. Extinción de concesións.

1. Á entrada en vigor desta lei, tódalas concesións para actividades incluídas no servizo público de subministración de gases combustibles por canalización quedan extinguidas.

As ditas concesións quedan substituídas de pleno dereito por autorizacións administrativas das establecidas no título IV da presente lei que habilitan o seu titular para o exercicio das actividades, mediante as correspondentes instalacións, que constituísen o obxecto das concesións extinguidas.

2. As citadas autorizacións serano por tempo indefinido e quedará expresamente extinguida a reversión de instalacións á que se refire o artigo 7.c) da Lei 10/1987, do 15 de xuño.

Disposición adicional sétima. Transporte marítimo de hidrocarburos líquidos e sólidos.

O transporte marítimo de hidrocarburos axustarase en todo caso ó réxime establecido pola Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante, así como o disposto na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional oitava. Desestimación de resolucións.

As solicitudes de resolucións administrativas que deban dictarse conforme o disposto na presente lei poderanse entender desestimadas, se non recae resolución expresa no prazo que para o efecto se estableza ou se determine nas súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición adicional novena. Actualización do importe das sancións.

O Goberno, por real decreto, actualizará periodicamente o importe das sancións establecidas no título VI tendo en conta as variacións dos índices de prezos ó consumo.

Disposición adicional décima. Intervención dunha empresa.

1. Cando o incumprimento das obrigas das empresas que realizan as actividades e funcións reguladas na presente lei poida afecta-la continuidade e seguridade da subministración de hidrocarburos, e co fin de garanti-lo seu mantemento, o Goberno poderá acorda-la intervención da correspondente empresa de acordo co previsto no artigo 128.2 da Constitución, adoptando as medidas oportunas para iso.

Para estes efectos serán causas de intervención dunha empresa as seguintes:

- a) A suspensión de pagamentos ou a quebra da empresa.
- b) A xestión irregular da actividade cando lle sexa imputable e poida dar lugar á súa paralización.
- c) A grave e reiterada falta de mantemento adecuado das instalacións que poña en perigo a súa seguridade.

2. Nos supostos anteriores, se as empresas que desenvolven actividades e funcións a que se refire a presente lei o fan exclusivamente mediante instalacións que lle competa autorizar a unha comunidade autónoma, a intervención será acordada por esta.

Disposición adicional décimo primeira. Comisión Nacional de Enerxía.

Primeiro. Natureza xurídica e composición.

1. Suprímese a Comisión Nacional do Sistema Eléctrico como ente regulador do sistema eléctrico, ó entrar en vigor a presente lei.

2. Créase a Comisión Nacional de Enerxía como ente regulador do funcionamento dos sistemas enerxéticos, que terá por obxecto velar pola competencia efectiva neles e pola obxectividade e a transparencia do seu funcionamento, en beneficio de tódolos suxeitos que operan nos ditos sistemas e dos consumidores.

Para os efectos do previsto no punto anterior entenderase por sistemas enerxéticos o mercado eléctrico, así como os mercados de hidrocarburos tanto líquidos como gasosos.

A Comisión configúrase como un organismo público con personalidade xurídica e patrimonio propio, así como plena capacidade de obrar. A Comisión suxeitará a súa actividade ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando exerza potestades administrativas, e á lexislación de contratos das administracións públicas a súa contratación de bens e servizos. No resto da súa actividade someterase ó dereito privado.

O persoal que preste servizos na Comisión Nacional de Enerxía estará vinculado a ela por unha relación suxeita ás normas de dereito laboral. A súa selección, con excepción do de carácter directivo, farase mediante convocatoria pública e de acordo con procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade. O dito persoal estará suxeito ó réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para o persoal ó servizo das administracións públicas.

A Comisión Nacional de Enerxía elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Economía e Facenda e remitirallo a este para a súa elevación ó acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais integrado nos orzamentos xerais do Estado.

O control económico e financeiro da Comisión Nacional de Enerxía levarao a cabo a Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ó Tribunal de Contas.

A Comisión Nacional de Enerxía estará adscrita ó Ministerio de Industria e Enerxía, o cal exercerá o control de eficacia sobre a súa actividade, e rexerá polo disposto na presente lei e nas normas de desenvolvemento que se dicten, polas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lle sexan de aplicación e pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A Comisión estará rexida por un Consello de Administración, composto polo presidente, que exercerá a representación legal da comisión, por oito vocais e por un secretario que actuará con voz pero sen voto.

O ministro de Industria e Enerxía, o secretario de Estado de Enerxía e Recursos Minerais, ou alto cargo do ministerio no que deleguen, poderán asistir ás reunións do Consello de Administración, con voz pero sen voto, cando o xulguen preciso á vista dos asuntos incluídos na correspondente orde do día.

4. O presidente e os vocais serán nomeados entre persoas de recoñecida competencia técnica e profesional, mediante real decreto, por proposta do ministro de Industria e Enerxía, logo da comparecencia deste e debate na comisión competente do Congreso dos Deputados, para constata-lo cumprimento por parte dos candidatos das condicións indicadas neste punto.

O presidente e mailos vocais da Comisión Nacional de Enerxía serán nomeados por un período de seis anos, e poderán ser renovados por un período da mesma duración.

Non obstante, a Comisión Nacional de Enerxía renovará parcialmente os seus membros cada tres anos. A renovación afectará alternativamente a cinco ou catro dos seus membros segundo corresponda.

Se durante o período de duración do seu mandato se producise o cesamento dun dos seus membros, o seu sucesor cesará ó termo do mandato do seu antecesor. Cando este último cesamento se produza antes de transcorrer un ano desde o nomeamento, non será de aplicación o límite previsto no segundo parágrafo deste punto, podendo ser renovado o mandato en dúas ocasións.

5. O presidente e mailos vocais cesarán polas seguintes causas:

a) Expiración do termo do seu mandato, continuando en funcións ata o nomeamento dos novos membros que procedan á súa substitución.

b) Renuncia aceptada polo Goberno.

c) Incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, incompatibilidade producida con posterioridade ó seu nomeamento como membro da comisión ou condena por delicto doloso logo de instrución de expediente polo Ministerio de Industria e Enerxía, incumprimento grave das súas obrigas e cesamento polo

Goberno, por proposta motivada do ministro de Industria e Enerxía.

6. O presidente e mailos vocais da Comisión Nacional de Enerxía estarán suxeitos ó réxime de incompatibilidades establecido para os altos cargos da Administración xeral do Estado. Ó cesaren no cargo e durante os dous anos posteriores, non poderán exercer ningunha actividade profesional relacionada cos sectores enerxéticos. Regulamentariamente determinarase a compensación económica que corresponda percibir en virtude desta limitación.

7. Os recursos da Comisión Nacional de Enerxía estarán integrados:

a) Polos bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os produtos e rendas deste.

b) Polos ingresos xerados de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

c) Se é o caso, polas transferencias efectuadas con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

Segundo. Órganos de asesoramento da Comisión.

1. Como órganos de asesoramento da Comisión constituiranse dous consellos consultivos presididos polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía, cun número máximo de 36 membros, o Consello Consultivo de Electricidade, e de 34 membros, o Consello Consultivo de Hidrocarburos.

O Consello Consultivo de Electricidade estará integrado por representantes da Administración xeral do Estado, o Consello de Seguridade Nuclear, as comunidades autónomas, as compañías do sector eléctrico, os operadores do mercado e do sistema, os consumidores e usuarios e outros axentes sociais e de defensa da preservación do ambiente.

O Consello Consultivo de Hidrocarburos estará integrado por representantes da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as compañías do sector petrolero e do gas, os distribuidores e titulares de instalacións de venda ó público, a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, os consumidores e usuarios e outros axentes sociais e de defensa da preservación do ambiente.

2. Os consellos consultivos poderán informar respecto ás actuacións que realice a Comisión Nacional de Enerxía no exercicio das súas funcións. Este informe será pola súa vez preceptivo sobre as actuacións que se vaian desenvolver en execución das funcións segunda, terceira, cuarta e sexta.

3. No seo de cada un dos consellos consultivos crease unha Comisión Permanente que terá por obxecto facilita-los traballos dos consellos consultivos.

A Comisión Permanente do Consello Consultivo de Electricidade estará composta por 12 membros, de acordo coa seguinte participación: seis representantes das comunidades autónomas, un representante das empresas produtoras, un representante das empresas distribuidoras, así como un representante do operador do mercado e un representante do operador do sistema, un representante da Administración xeral do Estado e un representante dos consumidores cualificados.

Os representantes das comunidades autónomas serán designados da seguinte maneira: dous, das comunidades autónomas con maior nivel de produción eléctrica; dous, das comunidades autónomas con maior nivel de consumo eléctrico por habitante, e os dous restantes designados, para períodos de dous anos, de entre aquelas comunidades autónomas que non estean representadas de acordo cos criterios anteriores, segundo a orde que se derive do seu maior nivel de produción e do consumo eléctrico.

A Comisión Permanente do Consello Consultivo de Hidrocarburos estará composta por 13 membros, de acordo coa seguinte participación: un representante da Administración xeral do Estado, seis representantes das comunidades autónomas, un representante dos operadores por xunto de produtos petrolíferos, un representante dos distribuidores a retallo de produtos petrolíferos, un representante dos transportistas de gas, un representante dos distribuidores de gas, un representante dos comercializadores de gas e un representante dos consumidores cualificados.

Os representantes das comunidades autónomas na Comisión Permanente do Consello Consultivo de Hidrocarburos serán designados da seguinte maneira: dous, das comunidades autónomas con maior nivel de consumo de gas natural, dous das comunidades autónomas con maior nivel de consumo de produtos petrolíferos e os dous restantes serán designados, para períodos de dous anos, de entre aquelas comunidades autónomas que estean representadas sobre a base dos criterios anteriores, segundo a orde inversa que se derive de aplica-los criterios anteriores.

Terceiro. Funcións da Comisión Nacional de Enerxía.

1. A Comisión Nacional de Enerxía terá as seguintes funcións:

Primeira: actuar como órgano consultivo da Administración en materia enerxética.

Segunda: participar, mediante proposta ou informe, no proceso de elaboración de disposicións xerais que afecten os mercados enerxéticos e, en particular, no desenvolvemento regulamentario da presente lei.

Terceira: participar, mediante proposta ou informe, no proceso de planificación enerxética.

Cuarta: participar, mediante proposta ou informe, no proceso de elaboración dos proxectos sobre determinación de tarifas, peaxes e retribución das actividades enerxéticas.

Quinta: emitir informe nos expedientes de autorización de novas instalacións enerxéticas cando sexan competencia da Administración xeral do Estado.

Sexta: emiti-los informes que lle sexan solicitados polas comunidades autónomas cando o consideren oportuno no exercicio das súas competencias en materia enerxética.

Sétima: dicta-las circulares de desenvolvemento e execución das normas contidas nos reais decretos e nas ordes do Ministerio de Industria e Enerxía que se dicten en desenvolvemento da normativa enerxética, sempre que estas disposicións a habiliten de modo expreso para iso.

Estas disposicións recibirán a denominación de circulares e serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

Oitava: inspeccionar, a pedimento da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas competentes, as condicións técnicas das instalacións, o cumprimento dos requisitos establecidos nas autorizacións, as condicións económicas e as actuacións dos suxeitos en canto poidan afectar á aplicación das tarifas e criterios de remuneración das actividades enerxéticas, así como a efectiva separación destas actividades cando sexa esixida.

Novena: actuar como órgano arbitral nos conflitos que se susciten entre os suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico ou de hidrocarburos.

O exercicio desta función arbitral será gratuito e non terá carácter público.

Esta función de arbitraje, que terá carácter voluntario para as partes, exercerase de acordo coa Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, e coa norma regula-

mentaria aprobada polo Goberno que se dicte sobre o correspondente procedemento arbitral.

Décima: determina-los suxeitos á actuación dos cales sexan imputables deficiencias na subministración ós usuarios propoñendo as medidas que haxa que adoptar.

Décimo primeira: acorda-la iniciación dos expedientes sancionadores e realiza-la súa instrucción, cando sexan da competencia da Administración xeral do Estado e emitir informe, cando sexa requirida para iso, naqueles expedientes sancionadores iniciados polas distintas administracións públicas, sen prexuízo das competencias atribuídas á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos no artigo 52.4 da presente lei.

Décimo segunda: velar para que os suxeitos que actúan nos mercados enerxéticos leven a cabo a súa actividade respectando os principios de libre competencia. Para estes efectos, cando a comisión detecte a existencia de indicios de prácticas restrictivas da competencia prohibidas pola Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, porao en coñecemento do Servicio de Defensa da Competencia, e achegará tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, un dictame non vinculante da cualificación que lle merecen os ditos feitos.

Décimo terceira: resolve-los conflitos que lle sexan formulados respecto ós contratos relativos ó acceso de terceiros ás redes de transporte e, se é o caso, distribución, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Décimo cuarta: autoriza-las participacións realizadas por sociedades con actividades que teñen a consideración de reguladas en calquera entidade que realice actividades de natureza mercantil. Só poderán denegarse as autorizacións como consecuencia da existencia de riscos significativos ou efectos negativos, directos ou indirectos, sobre as actividades reguladas nesta lei, podendo por estas razóns dictarse autorizacións que expresen condicións nas cales poidan realizarse as mencionadas operacións.

Décimo quinta: informar preceptivamente sobre as operacións de concentración de empresas ou de toma de control dunha ou varias empresas enerxéticas por outra que realice actividades no mesmo sector cando estas teñan que ser sometidas ó Goberno para a súa decisión, de acordo coa lexislación vixente en materia de competencia.

Décimo sexta: acorda-la súa organización e funcionamento interno, seleccionar e contrata-lo seu persoal cumprindo os requisitos establecidos na normativa vixente ó respecto no ámbito da Administración xeral do Estado.

Décimo sétima: elaborar anualmente unha memoria de actividades que se elevará ó Goberno para a súa remisión ás Cortes Xerais.

Décimo oitava: realizar aqueloutras funcións que lle atribúan as leis ou que regulamentariamente lle encomende o Goberno por proposta do ministro de Industria e Enerxía.

Os informes da Comisión Nacional de Enerxía previstos nas funcións segunda, terceira, cuarta e quinta deste punto terán carácter preceptivo.

Por razóns de probada excepcionalidade poderase aplica-lo procedemento de tramitación de urxencia, polo cal se reducirán os prazos á metade.

2. En relación co sector eléctrico corresponderalle á comisión, ademais das funcións a que se refire o punto anterior, as seguintes:

Primeira: realiza-la liquidación dos custos de transporte e distribución de enerxía eléctrica, dos custos permanentes do sistema e daqueles outros custos que se

establezan para o conxunto do sistema cando a súa liquidación lle sexa expresamente encomendada.

Así mesmo, informará semestralmente ó Ministerio de Industria e Enerxía sobre a liquidación da enerxía que leve a cabo o operador do mercado en colaboración co operador do sistema.

Segunda: resolve-los conflitos que lle sexan formulados en relación coa xestión económica e técnica do sistema e o transporte.

3. En relación co sector do gas, corresponderalle á Comisión, ademais das funcións a que se refire o punto 1 anterior, a resolución dos conflitos que lle sexan formulados en relación coa xestión do sistema.

4. A Comisión Nacional de Enerxía poderá recadar dos suxeitos que actúan nos mercados enerxéticos tanta información requira no exercicio das súas funcións. Para iso, a Comisión dictará circulares, que deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado», nas cales se exporá de forma detallada e concreta o contido da información que se vaia solicitar, especificando de maneira xustificada a función para o desenvolvemento da cal é precisa tal información e o uso que pretende facerse dela.

A Comisión Nacional de Enerxía poderá realiza-las inspeccións que considere necesarias co fin de confirmala veracidade da información que en cumprimento das súas circulares lle sexa achegada.

Os datos e informacions obtidos pola Comisión Nacional de Enerxía no desempeño das súas funcións, que teñan carácter confidencial por tratarse de materias protexidas polo segredo comercial, industrial ou estatístico, só poderán ser cedidos ó Ministerio de Industria e Enerxía e ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. O persoal da Comisión Nacional de Enerxía que teña coñecemento destes datos estará obrigado a gardar sigilo respecto deles.

As entidades que deben subministrar eses datos e informacions poderán indicar qué parte deles consideran de transcendencia comercial ou industrial, a difusión dos cales podería prexudicalas, e para a que reivindicar a confidencialidade fronte a calquera persoa ou entidade que non sexan a propia Comisión Nacional de Enerxía, o Ministerio de Industria e Enerxía ou as comunidades autónomas, logo da oportuna xustificación.

A Comisión Nacional de Enerxía decidirá, de forma motivada, sobre a información que, segundo a lexislación vixente, estea exceptuada do segredo comercial ou industrial e sobre a amparada pola confidencialidade.

Así mesmo, a Comisión Nacional de Enerxía terá acceso ós rexistros regulados pola lexislación estatal en materia enerxética.

5. Contra as resolucións adoptadas pola Comisión Nacional de Enerxía no exercicio das funcións a que se refiren os números 1 e 2 do presente punto, e contra os seus actos de trámite nas mesmas materias que determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ordinario perante o ministro de Industria e Enerxía.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as resolucións que se dicten no exercicio da función segunda do número 2 do presente punto e das circulares que se refiran a materia de información, que porán fin á vía administrativa.

Disposición adicional décimo segunda. Financiamento da Comisión Nacional de Enerxía.

1. A Comisión Nacional de Enerxía asumirá as obrigas e a xestión daqueles expedientes que estivesen pendentes na Comisión Nacional do Sistema Eléctrico a que se refire a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector

eléctrico, así como a retribución que corresponde, de acordo coa citada lei, á dita Comisión.

2. Para os efectos do previsto na presente lei, o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía integrará os seguintes conceptos:

a) A cantidade unitaria que para estes efectos se determine para os produtos vendidos no mercado nacional polos operadores a que se refire o artigo 42 da presente lei.

b) A recarga que para estes efectos se estableza sobre as peaxes ou tarifas correspondentes, que no caso do sector eléctrico terán a consideración de custo permanente do sistema.

Disposición adicional décimo terceira. Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Modifícase o parágrafo primeiro do punto 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, o ente público RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións rexeranse pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei.»

Disposición adicional décimo cuarta. Réximes fiscais forais.

As regulacións contidas na presente lei enténdense sen prexuízo dos réximes tributarios forais vixentes nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

Disposición adicional décimo quinta. Sociedades cooperativas.

As sociedades cooperativas só poderán realiza-las actividades de distribución a retallo de produtos petrolíferos a que se refire o artigo 43 da presente lei con terceiros non socios, mediante a constitución dunha entidade con personalidade xurídica propia á que lle sexa aplicable o réxime fiscal xeral.

Disposición adicional décimo sexta. Biocombustibles.

1. Considéranse biocombustibles os produtos que a continuación se relacionan e que se destinen ó seu uso como carburante, directamente ou mesturados con carburantes convencionais:

a) O alcohol etílico producido a partir de produtos agrícolas ou de orixe vexetal (bioetanol) xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

b) O alcohol metílico (metanol), obtido a partir de produtos de orixe agrícola ou vexetal, xa se utilice como tal ou logo de modificación química.

c) Os aceites vexetais.

d) O aceite vexetal, modificado quimicamente.

2. Para os efectos da presente lei, a distribución e venda destes produtos rexerase polo disposto no seu título III.

Disposición adicional décimo sétima. *Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

1. Modifícase o punto 1 do artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As actividades para a subministración de enerxía eléctrica que se desenvolvan nos territorios insulares ou extrapeninsulares serán obxecto dunha regulamentación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial, logo de acordo coas comunidades ou cidades autónomas afectadas.»

2. Inclúese unha «disposición adicional décimo quinta. Sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares», na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactada nos seguintes termos:

«1. A planificación eléctrica, que terá carácter indicativo salvo no que se refire a instalacións de transporte, en canto afecte a territorios insulares ou extrapeninsulares, realizarase de acordo coas comunidades ou cidades autónomas afectadas.

2. No caso de que nos territorios insulares ou extrapeninsulares se producisen situacións de risco certo para a prestación da subministración de enerxía eléctrica ou situacións das que se poida derivar unha ameaza para a integridade física ou a seguridade das persoas, de aparellos ou instalacións ou para a integridade da rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, a adopción das medidas previstas no artigo 10 da presente lei corresponderalle ás comunidades ou cidades autónomas afectadas, sempre que tal medida só afecte ó seu respectivo ámbito territorial. As ditas medidas non terán repercusións económicas no sistema eléctrico, agás que mediase acordo previo do Ministerio de Industria e Enerxía.

3. A determinación do xestor ou xestores da rede das zonas eléctricas situadas en territorios insulares e extrapeninsulares corresponderá á respectiva Administración autonómica.»

3. Inclúese un terceiro parágrafo na disposición transitoria décimo quinta. Sistemas insulares e extrapeninsulares, da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado nos seguintes termos:

«O período de transición á competencia a que se refire o parágrafo primeiro non impedirá o outorgamento pola Administración competente de autorizacións de instalacións de produción de enerxía eléctrica previstas no artigo 21 da presente lei.»

Disposición adicional décimo oitava. *Consello de Seguridade Nuclear.*

Modifícase o artigo 6 da Lei de creación do Consello de Seguridade Nuclear, nos seguintes termos:

«Os cargos de presidente, conselleiros e secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear son incompatibles con calquera outro cargo ou función, retribuída ou non, e percibirán exclusivamente, por toda a duración do seu mandato ou cargo, a retribución que se fixe en atención á importancia da súa función. Ó cesar no cargo e durante os dous anos posteriores, non poderá exercer ningunha acti-

vidade profesional relacionada coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica. Regulamentariamente determinarase a compensación económica que corresponda percibir en virtude desta limitación.»

Disposición adicional décimo novena. *Servidumes de paso.*

A servidume de paso constituída a prol da rede básica de transporte, redes de transporte e redes de distribución de gas, inclúe aquelas liñas e equipos de telecomunicación que poidan transcorrer por elas, tanto se son para o servizo propio da explotación de gas, coma para o servizo de telecomunicacións públicas, e sen prexuízo do prezo xusto que, se é o caso, puidese corresponder, de agravarse esta servidume.

Igualmente, as autorizacións existentes a que se refire o artigo 103.2 da presente lei, inclúen aquelas liñas e equipos de telecomunicación que poidan transcorrer por elas, co mesmo alcance obxectivo e autonomía que resulten do parágrafo anterior.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da Lei 21/1974, do 27 de xuño.*

Os permisos de investigación e as concesións de explotación outorgados ó abeiro da Lei 21/1974, do 27 de xuño, sobre réxime xurídico da investigación e explotación de hidrocarburos, ou anteriores, rexeranse pola dita lei, agás manifestación expresa dos titulares do seu desexo de se acolleren á regulación que para os ditos permisos e concesións establece a presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Disposicións regulamentarias aplicables.*

Non obstante o disposto na disposición derogatoria única, mentres non se dicten as disposicións de desenvolvemento da presente lei continuarán en vigor, no que non se opoñan a ela, as disposicións regulamentarias aplicables en materias que constitúen o seu obxecto.

Disposición transitoria terceira. *Instrucións técnicas.*

O Goberno, no prazo máximo dun ano, mediante real decreto, aprobará as instrucións técnicas complementarias a que se refire o parágrafo segundo do artigo 43.2 da presente lei, e mentres tanto serán de aplicación a calquera persoa física ou xurídica que realice as actividades previstas no dito precepto as instrucións técnicas complementarias actualmente vixentes, segundo o tipo de actividade de que se trate.

Para estes efectos, as futuras instrucións técnicas complementarias estarán referidas respectivamente a dous supostos diferenciados, dunha banda aquelas instalacións sen subministración a vehículos e, doutra banda, aquelas instalacións nas que se efectúen subministracións a vehículos, sen prexuízo de que en cada un destes supostos se traten de forma diferenciada, de acordo con criterios obxectivos, os distintos tipos de instalación en función dos diversos elementos técnicos concurrentes en cada caso. Non obstante, durante este período transitorio, a instrución técnica complementaria MHP 03, «Instalacións petrolíferas para uso propio», aprobada por Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, será de aplicación ás entidades de base asociativa de transportes, considerándoas incluídas no punto 2.1.K) da citada instrución técnica complementaria, sempre que as subministracións que realicen correspondan a

un único tipo de carburante ou combustible, se efectúen exclusivamente en vehículos dos seus asociados afectos á súa actividade de transporte público e nas súas instalacións non poidan repostar asemade máis de dous vehículos.

Disposición transitoria cuarta. *Prezos de gases licuados do petróleo envasado.*

O Goberno, a través dunha fórmula que se determine regulamentariamente, poderá establecer os prezos máximos de venda ó público de gases licuados do petróleo envasado, mentres as condicións de concorrencia e competencia neste mercado non se consideren suficientes. O prezo máximo incorporará o custo da distribución a domicilio.

Disposición transitoria quinta. *Consumidores cualificados.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 60, terán a consideración de consumidores cualificados aqueles consumidores nas instalacións dos cales, localizadas nun mesmo sitio, o consumo se adecúe en cada momento ó seguinte calendario:

Aqueles cun consumo igual ou superior a 20 millóns de Nm³, á entrada en vigor da presente lei.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 15 millóns de Nm³, o 1 de xaneiro do ano 2000.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 5 millóns de Nm³, o 1 de xaneiro do ano 2003.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 3 millóns de Nm³, o 1 de xaneiro do ano 2008.

2. A partir do 1 de xaneiro do ano 2013, tódolos consumidores, independentemente do seu nivel de consumo, terán a consideración de cualificados.

3. Durante o período dos tres anos seguintes ó momento en que un consumidor accedese á condición de cualificado, o dito consumidor poderá optar por seguir adquirindo o gas ó distribuidor a tarifa ou adquirilo dun comercializador nas condicións libremente pactadas.

Disposición transitoria sexta. *Termo de conexión e seguridade.*

Durante dez anos desde a entrada en vigor da presente lei, as tarifas, peaxes e canons regulados nela incluírán un termo de conexión e seguridade do sistema, que será pagado por tódolos consumidores de gas natural e que terá por obxecto asegurar unha rendibilidade razoable a aqueles investimentos en instalacións da rede básica e de transporte secundario destinadas a dotar da adecuada seguridade o sistema de gas natural, que fosen obxecto de concesión antes da entrada en vigor desta norma.

Disposición transitoria sétima. *Separación de actividades.*

1. As sociedades que á entrada en vigor da presente lei viñesen realizando actividades que conforme o disposto no artigo 63 deban estar separadas contablemente, farán efectiva a dita separación contable no prazo dun ano desde a citada entrada en vigor.

2. As sociedades que á entrada en vigor da presente lei realizen actividades incompatibles dentro do sector do gas, procederán á separación xurídica das ditas actividades, de acordo co previsto no artigo 63, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da presente lei.

3. As sociedades que inicien actividades de comercialización de gases combustibles, farano mediante sociedades que teñan como único obxecto social no sector do gas a dita actividade.

4. As achegas de activos afectos a actividades de gas que se efectúen en cumprimento da esixencia de separación de actividades prevista no artigo 63 desta lei seralles de aplicación o réxime establecido para as achegas de ramas de actividade no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Os aranceis de notarios, rexistradores mercantís e da propiedade correspondentes ós actos necesarios de adaptación á citada esixencia de separación de actividades quedarán reducidos ó 10 por 100.

Disposición transitoria oitava. *Expedientes de autorizacións e concesións en tramitación.*

Os expedientes de autorizacións e concesións referentes a actividades obxecto de regulación no título IV e que se encontren en trámite á entrada en vigor desta lei resolveranse conforme o disposto nela.

Disposición transitoria novena. *Tarifas, peaxes e canons.*

Con obxecto de avaliar correctamente a aplicación do novo sistema de peaxes, tarifas e canons, e evitar posibles distorsións na regulación do dereito de acceso ás instalacións de terceiros, o disposto no artigo 92.2 da presente lei aplicarase nun prazo superior a dous anos contados desde o exercicio efectivo do dereito de acceso.

Disposición transitoria décima. *Comisión Nacional do Sistema Eléctrico.*

1. Non obstante o disposto no punto primeiro, 1, da disposición adicional décimo primeira desta lei, a Comisión Nacional do Sistema Eléctrico continuará no exercicio das súas funcións ata que remate o período de cinco anos para o que foron designados os membros que, á entrada en vigor da presente lei, compoñan o seu Consello de Administración.

Durante este período de tempo, poderase exercer simultaneamente o cargo de membro da Comisión Nacional do Sistema Eléctrico e de membro da Comisión Nacional de Enerxía, sempre e cando resultasen elixidos polo procedemento previsto na disposición adicional décimo primeira, punto primeiro, número 4, desta Lei, percibindo soamente remuneración por un deles.

2. Regulamentariamente establecerase o traspaso dos medios materiais e persoais da Comisión Nacional do Sistema Eléctrico á Comisión Nacional de Enerxía garantindo, en todo caso, a máxima economía de recursos.

Disposición transitoria décimo primeira. *Membros da Comisión Nacional de Enerxía.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei, procederase á designación do presidente e dos vocais membros da Comisión Nacional de Enerxía.

Disposición transitoria décimo primeira. *Contratos de subministración en exclusiva.*

Os propietarios das instalacións para o subministración de vehículos que, á entrada en vigor da presente disposición transitoria, tivesen concertado en réxime de

comisión un acordo de subministración en exclusiva de carburantes e combustibles cun distribuidor por xunto, terán dereito, desde a dita entrada en vigor, á adaptación das cláusulas do contrato ó réxime de venda en firme, respectando o seu contido económico; para este efecto proporán a correspondente negociación, que non poderá dar lugar, en ningún caso, por esta causa, á rescisión ou resolución destes contratos, nin á interrupción do cumprimento da obriga de subministración en exclusiva nin de ningunha outra.

Disposición transitoria décimo terceira. *Autorizacións anteriores.*

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente disposición en virtude do establecido nos artigos 7 e 8 da Lei 34/1992, do 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero, manteranse vixentes e producirán plenos efectos sen necesidade de ratificación.

Disposición transitoria décimo cuarta.

A transformación a que se refire o artigo 77.3 da presente lei será autorizada pola Administración competente en cada momento con independencia de que a autorización orixinal fose dunha Administración distinta a aquela.

Disposición transitoria décimo quinta. *Distribución de gas natural.*

Sobre a zona de distribución de gas natural dunha concesión que, de acordo coa disposición adicional sexta da presente lei, devíñese en autorización, non poderán concederse novas autorizacións para a construción de instalacións de distribución durante un período equivalente ó tempo de vixencia da concesión orixinal cun máximo de quince anos desde a entrada en vigor da lei; neste período, as empresas autorizadas deberán cumprir-las obrigas de servizo público de desenvolvemento e extensión das redes, impostas en virtude da concesión, e agás saturación da capacidade das súas instalacións. Todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 78 da presente lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda, á entrada en vigor da presente lei quedan derogadas:

- a) A Lei 21/1974, do 27 de xuño, sobre investigación e explotación dos hidrocarburos.
- b) A Lei 10/1987, do 15 de xuño, de disposicións básicas para un desenvolvemento coordinado de actuacións en materia de combustibles gasosos.
- c) A Lei 34/1992, do 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero.
- d) Os artigos 25 a 29, ámbolos dous incluídos, do Real decreto-lei 7/1996, do 7 de xuño.
- e) O artigo 86.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e disposicións concordantes, no que se refiren á subministración de gas.
- f) Os artigos 6, 7 e 8 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.
- g) Calquera outra norma legal ou regulamentaria en canto se opoña ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

1. Esta lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

2. Exclúense deste carácter básico as referencias ós procedementos administrativos, que serán regulados pola Administración competente, axustándose en todo caso ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As disposicións da presente lei relativas ó réxime de comercio exterior de cru de petróleo e produtos petrolíferos e a expropiación forzosa e servidumes dícantase en exercicio das competencias atribuídas ó Estado no artigo 149.1.8.^a, 10.^a e 18.^a da Constitución.

Os preceptos do título II relativos a exploración, investigación e explotación de hidrocarburos son de aplicación xeral, ó abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a, 18.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, aprobará mediante real decreto as normas de desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta lei.

Madrid, 7 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23510 REAL DECRETO-LEI 14/1998, do 9 de outubro, de adhesión de España a diversos acordos do Fondo Monetario Internacional. («BOE» 243, do 10-10-1998.)

Nestes últimos meses o sistema financeiro e monetario internacional estase a ver afectado por frecuentes perturbacións, resultado fundamentalmente da inestabilidade financeira dalgúns países que se encontraron con dificultades para afrontar os seus compromisos internacionais, que, en opinión das principais institucións económicas internacionais, se está a agravar nas últimas semanas, afectando de modo cada vez máis evidente sobre a capacidade de crecemento futuro da economía mundial. Algúns destes países están, ante esta situación, realizándolles peticións ós organismos financeiros internacionais, especialmente ó Fondo Monetario Internacional, para obter facilidades financeiras coas que poderen renegocia-la súa situación crediticia e obter recursos que financien os seus plans de estabilización.

O número de países que demandan nestes momentos este tipo de axudas incrementouse ó aumentar asemade a inestabilidade financeira a nivel internacional. Os recursos para satisfacer este tipo de demandas estanse a facer cada vez máis escasos e cómpre que aquelas nacións que dispoñen dunha posición financeira a nivel internacional máis sólida fagan efectivos os seus compromisos con estes organismos financeiros mundiais.